

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e sete de xuño de dous mil catorce, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados, don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, don José Víctor González Vázquez, dona Mónica Vázquez Blanco e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

A deputada do Grupo Socialista, dona Elvira Lama Fernández, incorporouse á sesión cando se trataba o punto terceiro da orde do día e abandonouna cando se trataba o punto dedicado a rogos e preguntas.

A deputada dona Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo Socialista, estivo ausente na votación do punto 10ºE.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 30 DE MAIO DE 2014 E Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 11 DE XUÑO DE 2014.-

O Sr. presidente preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular aos borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do día 30 de maio de 2014 e á extraordinaria do día 11 de xuño de 2014.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobadas as ditas actas por unanimidade.

2º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO MES DE XULLO DE 2014.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e por unanimidade dos vinte e catro (24) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Fixar a data de celebración das comisións informativas e do Pleno ordinario do mes de xullo, do seguinte xeito:
 - . Comisións informativas: día 23 de xullo, mércores, a partir das 17.00 horas.
 - . Pleno ordinario: día 29 de xullo, martes, ás 11.00 horas.

3º.- ORDENANZA DE TRANSPARENCIA, ACCESO E REUTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN DO SECTOR PÚBLICO PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, lembra que na FEGAMP non se aprobou nada diso, polo que resposta a un modelo da FEMP co que o BNG non concorda. Están a favor de que se incremente a transparencia pero non tendo como paradigma a lei aprobada e impulsada polo goberno do PP que contén numerosas e múltiples limitacións, una lei que supón adoptar un modelo de transparencia desfasada, tanto respecto das aspiracións da maioría social, como ata de modelos vixentes noutros estados da nosa contorna. Trátase dun modelo anquilosado, que se centra en habilitar soportes para difundir determinados aspectos da xestión pública, de forma restrinxida, sen avanzar cara un modelo que permita fiscalizar plenamente por parte dos cidadáns as decisións políticas, pois lonxe de recoñecer e poñer ao seu alcance un dereito real e pleno de acceso de información, o que se fai é regular as condicións en determinados ámbitos nos que poderán ver realizado ese dereito. O dereito de información non se suscita como un dereito fundamental que pode ser exercitado por calquera persoa. Ao contrario, suscítase como unha extensión ou ampliación dos dereitos dos cidadáns como administrados, que pode ser moldeado pola administración ou autoridade pública, polo que de feito aínda se manterán amplas restricións ao seu exercicio, motivadas ademais de forma discrecional. Polo tanto, o acceso á información, base fundamental para poder demostrar un exercicio transparente do poder político, permanece cativo, dependente do goberno de quenda, polo que tamén a capacidade dos cidadáns para coñecer a fondo as decisións que lles afectan estarán condicionadas, non a un dereito obxectivo, senón á sensibilidade do executivo de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

quenda. Por iso, o resultado deste proxecto de lei é decepcionante, e constitúe máis un pretexto para continuar exercendo un goberno ás costas da cidadanía e a favor dos intereses dos reducidos grupos económicos e financeiros baixo unha aparencia de falsa transparencia e apertura na información. Isto leva consigo a ordenanza que hoxe se trae ao pleno. Neste sentido, esta ordenanza reproduce a lei pero non achega un maior grao de transparencia, xa que por exemplo na contratación de servizos, fala dunha publicación trimestral de contratos menores, cando debería ser cando menos mensual. Tamén o acceso á información está suxeito a petición e concesión, co que se reproducirán os actuais condicionantes que xa hai na lexislación vixente. Tamén hai eivas evidentes na participación cidadá, e na publicación do seguimento económico da corporación, pois non hai un acceso e divulgación periódica desta institución. O Sr. presidente fala continuamente de transparencia pero despois incumpre o que predica. E diso teñen sobrados exemplos: a tramitación de contratos baixo sospeita (caso das axudas da UE investigadas), das que só cando non lle quedou máis remedio, debido a presión social e as esixencias de organismos fiscalizadores tivo que facer unha comedia de comisión de investigación, ou da actuación sospeitosa de altos funcionarios ou dos casos nos que aparece salpicada esta institución e algún funcionario dela (intermediación con AQUAGEST que sae no sumario da POKEMON), por non falar da situación xa denunciada de *bunkerización* dos deputados imputados en distintas causas xudiciais, que seguen sentados no mesmo sitio.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, coincide co deputado do BNG en que o Sr. presidente sempre fala de transparencia e mentres tanto os problemas da cidadanía seguen sendo os mesmos. A realidade é que esta ordenanza é consecuencia da lei e poden compartir ou non o seu texto, pero a realidade é que as cuestións que levan consigo ser transparente non se dan nesta Deputación. Pódense publicar moitas cousas nas páxinas web da propia institución pero cando se fala de cousas serias e importantes como poden ser as contratacións ou os procesos abertos (tema das depuradoras) esa información non flúe (sirva de exemplo a petición do Grupo Socialista sobre os traballadores de AQUAOUENSE, que é unha sociedade mixta na que participa a Deputación, e non se atende a dita petición amparándose na lei e en multitude de escusas). Con isto quere dicir que a transparencia se ten que practicar e non quedar só en papeis, porque ao final se vende isto un día tras outro e a realidade é outra. Os problemas seguen aí (pechar xulgados, quitar profesores no mundo rural, ou atencións para os fillos no CHOU, etcétera). Un acto de transparencia sería dicir canto se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

gasta en protocolo, publicidade e propaganda en medios de comunicación, porque quedarían abraiados co incremento do gasto nestas partidas. O Grupo Socialista, por moito que o queiran meter na horta co da transparencia, non van apoiar isto. O outro día escoitaron (por iso pediron explicacións) que o Sr. presidente quería contratar unha unidade de transparencia e ao final son os propios traballadores da Deputación os que van conformar esa unidade, pero aínda que sexan traballadores da Deputación vanse quitar recursos doutras áreas para atender esta unidade de transparencia. Pregúntase se hai que pagar para demostrar que se é honrado e transparente na administración pública. Cre que iso sería algo que teñen que facer todos e non pagar agora para facer unha ordenanza, publicitala e pagarlles aos traballadores para que lles digan aos políticos que teñen que ser honrados e transparentes. Anuncia que o seu grupo votará en contra deste asunto.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que parece ser que, segundo a oposición, antes de aprobar a ordenanza queda claro que se vai incumprir e que non serve para nada. Pregunta se hai que aprobar a ordenanza si ou non, porque as leis están para cumprilas. Como ben se di na proposta da Presidencia, unha vez elaborado o proxecto de Ordenanza reguladora da transparencia, acceso e reutilización da información do sector público provincial, seguindo o modelo de ordenanza tipo aprobada pola Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios de Provincias o pasado 27 de maio, e ante a conveniencia de proceder ao inicio da súa tramitación, por imperativo legal (a primeira deputación que o fai) co fin de garantir a súa entrada en vigor no momento en que se inicie a vixencia da Lei de transparencia, acceso á información e bo goberno, procede a súa aprobación de acordo co procedemento legalmente establecido. Con esta ordenanza preténdese simplemente o que consta na súa exposición de motivos, que literalmente di que a transparencia e a súa consecuencia práctica, a participación, son dous principios fundamentais nos estados modernos. A Constitución española os incorpora ao seu texto en forma de dereitos, algúns deles fundamentais e, polo tanto, da máxima importancia e protección. O contexto social e tecnolóxico dos últimos anos non fixo senón demandar con máis forza estes dereitos, garantidos en parte ata o momento mediante disposicións illadas como o artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Estes dereitos teñen así mesmo a súa plasmación no artigo 6.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

públicos, cuxa disposición final terceira se refire especificamente ás administracións locais. Tanto a Lei 27/2013, do 27 de decembro, como a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, xunto con outras normas recentes ou actualmente en tramitación, reguladoras do chamado “goberno aberto”, permítennos afirmar que as entidades locais teñen suficiente base xurídica para implantalo, sendo un dos seus piares esenciais o citado principio de transparencia. A Lei 19/2013, do 9 de decembro, na súa disposición final novena establece que “os órganos das comunidades autónomas e entidades locais disporán dun prazo máximo de dous anos para adaptarse ás obrigas contidas nesta lei”. Para tal efecto, as entidades locais deben iniciar un proceso de adaptación á dita norma, sendo conveniente, entre outras medidas regular integralmente a materia a través dunha ordenanza. Isto é o que hoxe se propón. Lembra que esta Deputación é pioneira en moitas cousas, falando de manifestacións evidentes de transparencia, como as seguintes: novo espazo web cun enlace directo aos indicadores de transparencia fixados por Transparencia Internacional para avaliar aos gobernos provinciais; novo espazo web co apartado “O presidente responde”; retransmisión dos plenos da Corporación Provincial vía web; dispositivos móbiles da Deputación de Ourense (provincia intelixente); aprobación do primeiro Código Ético e de Conduta dun goberno provincial en España. Nesta teima seguen e seguirán marcándose como retos como: a elaboración da Carta de Servizos da Deputación de Ourense; creación na RPT dunha unidade específica de transparencia; celebración, en outubro de 2014, en colaboración coa Fundación Democracia e Goberno Local, dunha xornada sobre transparencia nas entidades locais da provincia, dirixida a alcaldes, concelleiros e persoal ao servizo da administración local. En resumo, o obxectivo desta ordenanza, e polo tanto do presidente e do seu grupo de goberno, é avanzar cara á máxima transparencia, unha transparencia activa, con obrigas específicas e claras como as seguintes: información sobre a institución, a súa organización, planificación e persoal; información sobre altos cargos e persoas que exercen a máxima responsabilidade das entidades; información de relevancia xurídica e patrimonial; información sobre contratación, convenios e subvencións; información económica, financeira e orzamentaria, información sobre servizos e procedementos. Reitera que esta é a teima do grupo de goberno e nela continuarán.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, quedou abraiado coa intervención do Sr. Álvarez Dobaño. Transparencia e ourensanía definen esta institución, pero por desgraza non hai nin transparencia nin ourensanía. Di que acabaremos sendo medalla de ouro no campionato no

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

que participa o Sr. presidente para ser o máis transparente e ser esta a institución mellor valorada nas estatísticas. Non ten moito máis que engadir, só que pide que se tome a iniciativa e que sexamos os primeiros tamén noutro tema moi importante, chegando ao colmo da transparencia, como é desaparecer. Esta institución, por moito que se lle queiran dar voltas e colgar medallas, segue sendo igual que o foi co anterior presidente. Se o grupo de goberno pensa que a sociedade, por moitas cousas que se aproben con nomes rimbombantes que carecen de contido, vai cambiar de opinión sobre esta institución, está equivocado.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, agora hai unha cuestión que non comparte co compañeiro do BNG, que é que segue todo igual que antes co anterior presidente, xa que el pensa que non é así, senón que pensa que isto vai a peor, porque agora custa cartos dicirlle á sociedade que se seguen facendo as cousas igual ou peor que antes. En canto ampararse na FEGAMP ou na FEMP para aprobar ordenanzas, di que ten escoitado aquí moitas veces que o labor que fai esa institución ultimamente está en interdicto (así o di o grupo de goberno cando lle interesa) e que tiña que desaparecer. Pon o exemplo (quen o queira entender que o entenda) de que as páxinas web dos bancos son maravillosas, porque entras nelas e pensas que en canto chegues ao banco che van dar os cartos, pero despois, cando nos atopamos coa realidade, pasan cousas como as preferentes. Nesta casa pasa algo similar, véndese unha información fantástica (como falaba o portavoz do Grupo Popular) dos traballadores pero non se di como se contratan; tampouco se dá a información que se pide duns traballadores que están contratados nunha sociedade mixta. A transparencia está moi ben, pero non só no que interesa. En canto a que esta Deputación é pioneira en moitas cousas, di que tamén é pioneira en estar nos xulgados por contratacións masivas de persoal, igual que é pioneira en devolver a cantidade de dez con cinco millóns de euros que pide o goberno de España cando o proxecto era de trece. Se o grupo de goberno pensa que os rankings de transparencia son publicar actas dos plenos, etcétera ... e despois te atopas con contratacións masivas de persoas vinculadas ao PP (porque se seguen a producir), con fraude (segundo a Unión Europea) e irregularidades na contratación pública, de pouco vale publicar nada, porque ao final ninguén os vai crer. O grupo de goberno estará convencido de que é transparente pero o seu grupo está convencido de todo o contrario: as cousas non mudaron, empeoraron, adórnase moi ben o envoltorio, pero o de dentro segue a ser o mesmo. Anuncia que o seu grupo vai votar en contra.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que ao final seguen sen saber, á parte de que a ordenanza hai que elaborala por imperativo legal, se a oposición considera que é boa ou non é boa, porque non entraron no fondo nin na forma dela para nada. O que quedou claro é que critican a súa aplicación sen tela aprobado. O Sr. Gómez Pérez desconfía de case todo (contratacións ...) pregúntase por qué será. Tamén se falou de publicidade e propaganda, e non sabe se falaba da Praza Maior, aínda que el se refire a esta casa, non como alí que se refiren á Deputación no 60% ou no 70% das intervencións. Reitera que a Deputación é pioneira en moitas cousas, pero ninguén se debe vangloriar de ser pioneiros nos xulgados, porque ao mellor teñen todos moito que dicir. Reitera o manifestado na primeira intervención: están e seguirán na teima dunha transparencia activa, como o están demostrando. Isto é o que lle gustaría que quedase como resumo deste punto e non a casuística á que nos ten acostumados a oposición.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e dos do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza de transparencia, acceso e reutilización da información do sector público provincial, co seguinte contido:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transparencia e a súa consecuencia práctica, a participación, son dous principios fundamentais nos estados modernos. A Constitución española os incorpora ó seu texto en forma de dereitos, algúns deles fundamentais e, polo tanto, da máxima importancia e protección:

- a) *“A comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión (artigo 20.1.d).*
- b) *“(…) a participar nos asuntos públicos, directamente (...)” (artigo 23.1).*
- c) *“O acceso dos cidadáns ós arquivos e rexistros administrativos, salvo no que afecte á seguridade e defensa do Estado, a investigación dos delitos e a intimidade das persoas” (artigo 105.b)*

O contexto social e tecnolóxico dos últimos anos non fixo senón demandar con máis forza estes dereitos, garantidos en parte ata o momento mediante disposicións illadas como o artigo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Estes dereitos teñen así mesmo a súa plasmación no artigo 6.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos, cuxa disposición final terceira se refire especificamente ás administracións locais.

Por outra parte, o artigo 70 bis.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, establece literalmente cunha redacción similar á citada disposición final:

“...as entidades locais e, especialmente, os municipios, deberán impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación para facilitar a participación e a comunicación cos veciños, para a presentación de documentos e para a realización de trámites administrativos, de enquisas e, no seu caso, de consultas cidadás. As deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares colaborarán cos municipios que, pola súa insuficiente capacidade económica e de xestión, non poidan desenvolver en grao suficiente o deber establecido neste apartado”.

Este precepto debe ser posto en conexión co novo parágrafo ñ) do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, introducido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, segundo o cal lles corresponde ós concellos a promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Tanto a Lei 27/2013, do 27 de decembro, como a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, xunto con outras normas recentes ou actualmente en tramitación, reguladoras do chamado “goberno aberto”, permítennos afirmar que as entidades locais teñen suficiente base xurídica para implantalo, sendo un dos seus piares esenciais o citado principio de transparencia. A Lei 19/2013, do 9 de decembro, na súa disposición final novena establece que “os órganos das comunidades autónomas e entidades locais disporán dun prazo máximo de dous anos para adaptarse ás obrigas contidas nesta Lei”. Para tal efecto, as entidades locais deben iniciar un proceso de adaptación á dita norma, sendo conveniente, entre outras medidas regular integralmente a materia a través dunha ordenanza. Unha das finalidades por tanto, desta ordenanza é, xunto á habitual de desenvolver a lei, xerar un incentivo e iniciar a efectiva implantación nas entidades locais das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

medidas propias dos gobernos locais transparentes, cun grao de anticipación e eficacia moi superior ó que derivaría dun escenario carente de ordenanzas, ou con algunha delas ditada illadamente. Neste sentido a ordenanza ten un dobre obxectivo: o regulatorio e o de fomento da efectividade do principio de transparencia.

En canto á identificación deste goberno aberto e os seus principios (transparencia, datos abertos, participación, colaboración) coa administración local, non cabe ningunha dúbida. Goberno aberto é aquel que se basea na transparencia como medio para a mellor consecución do fin de involucrar á cidadanía na participación e na colaboración co público. O goberno aberto se basea na transparencia para chegar á participación e á colaboración. Consideramos que é o momento de ser conscientes de que na sociedade aparece un novo escenario trala revolución das tecnoloxías da información e as comunicacións a principios do século XXI. Un goberno que non rende contas ante o cidadán non está lexitimado ante este. Dado que a administración local é a administración máis próxima ó cidadán e a vía inmediata de participación deste nos asuntos públicos, parece ser sen dúbida a máis idónea para a implantación do goberno aberto. Igualmente, débese ter moi en conta que no presente momento histórico a dita participación se materializa fundamentalmente a través das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC), se ben non cabe ignorar mecanismos non necesariamente “tecnolóxicos” como a iniciativa popular (artigo 70 bis.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril) ou os presupostos participativos.

En canto á participación cidadá, historicamente a lexislación sobre réxime local veu regulándoa de forma ampla, tanto a nivel organizativo como funcional, lexislación que podía e debía completarse cunha ordenanza ou regulamento de participación (artigo 70 bis.1) da Lei 7/1985, do 2 de abril). En canto á articulación da participación cidadá a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tampouco pode considerarse unha novidade, e como vimos hai máis dunha década recóllese na Lei 7/1985, do 2 de abril, unindo e vinculando o impulso da utilización das TIC co fomento da participación e a comunicación ós veciños, e tamén como medio para a realización de enquisas e consultas cidadás –sen prexuízo da súa utilidade para a realización de trámites administrativos–. Todos estes dereitos de participación presupoñen un amplo dereito de información, sen o cal o seu exercicio queda notablemente desvirtuado. A transparencia debe ser a característica fundamental dunha administración pública. A transparencia como obriga e a transparencia como dereito. A transparencia como piar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

decisivo na relación coa cidadanía, circunstancia que a Deputación de Ourense ten interiorizada como principio inspirador das súas actuacións.

Unha transparencia que figura indefectiblemente vinculada ao esforzo permanente na modernización da comunicación, andaina da que son exemplos claros tanto a web da institución, onde poden seguirse os plenos en directo ou dirixir preguntas á presidencia que se compromete a responder en cinco días, como a aplicación para dispositivos móbiles (a provincia intelixente) que permite levar a administración provincial no peto.

A aposta irrenunciable pola transparencia por parte da corporación de Ourense vese recoñecida cando é cualificada entre as máis transparentes do total de gobernos provinciais de España. Porque a transparencia é un obxectivo común a tódolos executivos como se puxo de manifesto nos debates da I Conferencia nacional de presidentes de gobernos provinciais de España, organizada por esta Deputación e celebrada na nosa provincia.

Nesa ambiciosa andaina da transparencia por parte da Deputación de Ourense atópase tamén o Código Ético e de Conduta, o primeiro dun goberno provincial en España, aprobado en sesión plenaria do trinta de abril de 2014. Un texto que regula as normas éticas e de referencia para os cargos electos e o persoal ao servizo da administración provincial, configurando á transparencia como un principio ético que constitúe unha decidida e firme aposta polo Goberno Aberto. O Código Ético dedica o seu artigo 9 á “transparencia e acceso á información” e define a transparencia como un principio de bo goberno tanto na actuación do cargo público representativo provincial como en relación coa xestión de prestacións e recursos públicos. Tamén conceptúa a transparencia como un compromiso e unha responsabilidade tanto do goberno provincial –promovendo a gobernanza local intelixente mediante fórmulas de participación cidadá, de proximidade e deliberativas co fin de reforzar a confianza cidadá nas súas institucións- como da oposición política.

A Deputación de Ourense asumiu xa as obrigas e dereitos en materia de transparencia, acceso e reutilización da información que determinan as leis e actúa con sometemento ós ditos principios legais mais considera que debe aprobar unha ordenanza específica que regule estas situación. Por esa razón, e á maior brevidade posible, adapta ás súas peculiaridades a ordenanza tipo que sobre estas materias aprobou a xunta de goberno da Federación Española de Municipios e Provincias o vinte e sete de maio de 2014.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

A transparencia é o camiño, non só da Deputación senón de tódolos entes locais e o goberno provincial debe dedicar parte importante do seu papel cooperador para asistir tamén nesta materia ós concellos, mancomunidades e a entidade local menor da provincia e que interioricen tamén esta determinación pola transparencia como propia.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e réxime xurídico.*

1. A presente Ordenanza ten por obxecto a aplicación e desenvolvemento da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e da Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, a través do establecemento dunhas normas que regulen a transparencia da actividade da Deputación Provincial de Ourense, así como do exercicio dos dereitos de reutilización e acceso á información pública do sector provincial, establecendo os medios necesarios para iso, que serán preferentemente electrónicos.

2. O dereito das persoas a acceder á información pública e á súa reutilización exercitarase nos termos previstos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, na Lei 37/2007, do 16 de novembro, na normativa autonómica ditada en desenvolvemento de ámbalas dúas leis cando no seu ámbito de aplicación se encontren as entidades locais e nesta Ordenanza.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións desta Ordenanza serán de aplicación ás entidades que forman parte do sector público provincial, integrado polas seguintes:

- a) A Deputación Provincial de Ourense*
- b) Os organismos autónomos, as entidades públicas empresariais e as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes da Deputación Provincial de Ourense.*
- c) As sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, das entidades previstas nos apartados a) e b) sexa superior ó 50 por 100.*
- d) As fundacións e asociacións nas que sexa maioritaria a participación das entidades ás que se refiren os apartados a) e b), ben sexa na súa dotación fundacional ou patrimonial ou nos seus órganos de goberno.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

- e) *Os consorcios locais adscritos á Deputación de Ourense*
2. *Calquera persoa física ou xurídica que preste servizos públicos ou exerza competencias administrativas de titularidade provincial, en todo o referido á prestación dos mencionados servizos ou ó exercicio das ditas competencias, deberá proporcionar á Deputación Provincial de Ourense a información que sexa precisa para cumprir coas obrigas previstas na presente Ordenanza. Os adxudicatarios de contratos administrativos estarán suxeitos á mesma obriga, sen prexuízo da garantía de confidencialidade da información que afecte ó segredo comercial e aos dereitos de propiedade intelectual e industrial.*

Artigo 3. *Obrigas de transparencia, reutilización e acceso á información.*

1. *Para o cumprimento das obrigas de transparencia, acceso á información e reutilización e nos termos previstos nesta Ordenanza, as entidades mencionadas no artigo 2.1 deben:*
- a) *Elaborar, manter actualizada e difundir, preferentemente por medios electrónicos, a través das súas páxinas web ou sedes electrónicas, a información cuxa divulgación se considere de maior relevancia para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, permitir a reutilización da información e facilitar o acceso a esta.*
 - b) *Elaborar, manter actualizado e difundir un catálogo de información pública que obre no seu poder, con indicacións claras de onde pode encontrarse a dita información e ofrecer tamén o dito catálogo en formatos electrónicos abertos, lexibles por máquinas que permitan a súa redistribución, reutilización e aproveitamento.*
 - c) *Establecer e manter medios de consulta adecuados á información solicitada.*
 - d) *Adoptar as medidas de xestión da información que fagan fácil a súa localización e divulgación, así como a súa accesibilidade, interoperabilidade e calidade.*
 - e) *Publicar a información dunha maneira clara, estruturada e entendible para as persoas.*
 - f) *Publicar e difundir a información relativa ó contido do dereito de acceso á información, ó procedemento para o seu exercicio e ó órgano competente para resolver.*
 - g) *Publicar e difundir a información relativa ós termos da reutilización da información de forma clara e precisa para os cidadáns.*
 - h) *Difundir os dereitos que reconece esta Ordenanza ás persoas, asesorar a estas para o seu correcto exercicio e asistilas na busca de información.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

i) Facilitar a información solicitada nos prazos máximos e na forma e formato elixido de acordo co establecido na presente Ordenanza.

2. As obrigas contidas nesta Ordenanza enténdense sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade.

3. Toda a información prevista nesta Ordenanza estará a dispor das persoas con discapacidade nunha modalidade accesible, entendendo por tal aquela que sexa subministrada por medios e en formatos adecuados de maneira que resulten accesibles e comprensibles, conforme co principio de accesibilidade universal e deseño para todos.

Artigo 4. Dereitos das persoas.

1. No ámbito do establecido nesta Ordenanza, as persoas teñen os seguintes dereitos:

a) A acceder á información suxeita a obrigas de publicidade de acordo co establecido nesta Ordenanza.

b) A ser informados se os documentos que conteñen a información solicitada ou dos que pode derivar a dita información, obran ou non en poder do órgano ou entidade, e, no caso de que non obren no seu poder, a que se lles informe sobre a entidade á que poderán dirixirse na súa procura.

c) A ser asistidas na súa busca de información.

d) A recibir o asesoramento adecuado e en termos comprensibles para o exercicio do dereito de acceso.

e) A recibir a información solicitada dentro dos prazos e na forma ou formato elixido de acordo co establecido nesta Ordenanza.

f) A coñecer as razóns en que se fundamenta a denegación do acceso á información solicitada e, no seu caso, nunha forma ou formato distinto ó elixido.

g) A obter a información solicitada de forma gratuíta, sen prexuízo do aboamento, no seu caso, das exaccións que correspondan pola expedición de copias ou transposición a formatos diferentes do orixinal.

2. Calquera persoa, física ou xurídica, pública ou privada, poderá exercer os dereitos contemplados nesta Ordenanza, sen que caiba esixir para iso requisitos tales como a posesión dunha nacionalidade, cidadanía, veciñanza ou residencia determinada.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

3. A Deputación Provincial de Ourense e as demais entidades ás que se refire o artigo 2.1 da presente ordenanza non serán en ningún caso responsables do uso que calquera persoa realice da información pública.

Artigo 5. Medios de acceso á información.

1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza están obrigadas a habilitar diferentes medios para facilitar a información pública, de modo que resulte garantido o acceso a todas as persoas, con independencia da súa formación, recursos, circunstancias persoais ou condición ou situación social. En todo caso, darase preferencia ao emprego de medios electrónicos e telemáticos.

2. Para estes efectos, ofrecerase acceso á información pública a través dalgúns dos seguintes medios:

- a) Oficinas de información.
- b) Páxinas web ou sedes electrónicas.
- c) Servizos de atención telefónica

Artigo 6. Unidade responsable da transparencia e información pública.

A Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense disporá a existencia dunha unidade administrativa responsable das funcións relativas á transparencia e información pública, cos cometidos seguintes:

- a) A coordinación en materia de información para o cumprimento das obrigas establecidas nesta Ordenanza, obtendo a información necesaria dos órganos competentes do departamento, organismo ou entidade.
- b) A tramitación das solicitudes de acceso á información, e, no seu caso, das reclamacións que se interpoñan de conformidade co previsto no artigo 41.
- c) O asesoramento ás persoas para o exercicio do dereito de acceso e a asistencia a aquelas na busca da información, sen prexuízo das funcións que teñan atribuídas outras unidades administrativas.
- d) A inscrición, no seu caso, no Rexistro de solicitudes de acceso.
- e) Crear e manter actualizado un catálogo de información pública que obre en poder da Deputación Provincial de Ourense, con indicacións claras de onde pode encontrarse a dita información.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

- f) *A elaboración dos informes en materia de transparencia administrativa, reutilización e dereito de acceso á información pública.*
- g) *A difusión da información pública creando e mantendo actualizados enlaces con enderezos electrónicos a través dos cales poida accederse a ela.*
- h) *A adopción das medidas oportunas para asegurar a paulatina difusión da información pública e a súa posta a disposición dos cidadáns, da maneira máis ampla e sistemática posible.*
- i) *A adopción das medidas necesarias para garantir que a información pública se faga dispoñible en bases de datos electrónicas a través de redes públicas electrónicas.*
- l) *As demais que lle atribúa a Relación de Postos de Trballo e, en xeral, todas aquelas que sexan necesarias para asegurar a aplicación das disposicións desta Ordenanza.*

Artigo 7. Principios xerais.

Serán de aplicación, nas materias reguladas na presente ordenanza, os seguintes principios xerais:

- 1. Presunción xeral de publicidade da información pública, en virtude do cal se presumirá o carácter público da información que obra na Deputación Provincial de Ourense e demais entidades incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza, en ausencia dunha norma con rango de Lei que restrinxa, total ou parcialmente, o dito carácter.*
- 2. Publicidade activa, en virtude do cal a Deputación Provincial de Ourense e as entidades incluídas no ámbito de aplicación da presente ordenanza publicarán por iniciativa propia aquela información que sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade así como a que poida ser de maior utilidade para a sociedade e para a economía, permitindo e facilitando o control da súa actuación e o exercicio dos dereitos das persoas.*
- 3. Reutilización da información, en virtude do cal a información de que dispoña o sector público provincial poderá ser reutilizada nos termos previstos na Lei 37/2007, do 16 de novembro, e na presente Ordenanza.*
- 4. Acceso á información, en virtude do cal a Deputación Provincial de Ourense e as demais entidades integrantes do sector público provincial garantirán o acceso das persoas á información pública nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro e na presente Ordenanza.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

5. *Acceso inmediato e por medios electrónicos, en virtude do cal a Deputación Provincial de Ourense e as demais entidades integrantes do sector público provincial establecerán os medios para que o acceso á información pública poida realizarse a través de medios electrónicos, sen necesidade de solicitude previa e de forma inmediata. Tamén se procurará que a publicación e posta a disposición se realice incluíndo ademais formatos electrónicos reutilizables sempre que sexa posible, todo iso sen prexuízo do dereito que asiste ás persoas a elixir a vía a través da cal se comunica coa Deputación Provincial.*

6. *Calidade da información, en virtude do cal a información pública que se facilite ás persoas debe ser veraz, fidedigna, actualizada e comprensible. En toda publicación e posta a disposición indícarase a unidade responsable da información e a data da última actualización. Así mesmo, os responsables da publicación adaptarán a información a publicar, dotándoa dunha estrutura, presentación e redacción que facilite a súa completa comprensión por calquera persoa. A provisión de información pública deberá ser en todo momento eficaz, rápida e de calidade, debendo os empregados públicos provinciais axudar ás persoas cando estas o soliciten e manténdose unha vía de comunicación específica entre a Deputación Provincial de Ourense e os destinatarios da información.*

CAPÍTULO II

Información Pública

Artigo 8. *Información pública.*

Enténdese por información pública do sector público provincial todo documento ou contido, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obre en poder dalgún dos suxeitos integrantes do sector público provincial e que fose elaborado ou adquirido no exercicio das súas funcións.

Artigo 9. *Requisitos xerais da información pública.*

A información pública do sector público provincial deberá axustarse ós seguintes requisitos:

- a) A xestión da información, e especialmente daquela que se encontre en formato electrónico, farase de forma que cada dato ou documento sexa único, compartido, accesible, estruturado, descrito, con información sobre as limitacións do seu uso e, no seu caso, situado xeograficamente.*
- b) Cada documento ou conxunto de datos publicarase ou porase a disposición utilizando formatos comúns, abertos, de uso libre e gratuíto para as persoas e, adicionalmente, noutros formatos de uso xeneralizado.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

- c) *Os vocabularios, esquemas e metadatos utilizados para describir e estruturar a información pública publicaranse na páxina web da Deputación Provincial de Ourense ou da entidade do sector provincial de que se trate para que as persoas poidan utilizalos nas súas buscas e interpretar correctamente a información.*
- d) *Os conxuntos de datos numéricos publicaranse ou poranse a disposición de forma que non se incluírán restricións indebidas que impidan ou dificulten a explotación do seu contido.*
- e) *As persoas con discapacidade accederán á información e a súa reutilización a través de medios e formatos adecuados e comprensibles, conforme co principio de accesibilidade universal e deseño para todos.*

Artigo 10. Límites.

A información pública regulada nesta Ordenanza poderá ser limitada, ademais de nos supostos recollidos no artigo 14.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, en relación ó exercicio delegado de competencias estatais e autonómicas, segundo prevexa a norma de delegación ou, no seu caso, respecto a calquera información que puidera afectar a competencias propias ou exclusivas doutra administración, cuxo dereito de acceso estea igualmente limitado polas leis. En todo caso, a información elaborárase e presentarase de tal forma que os límites referidos non sexan obstáculo para a súa publicación ou acceso.

Artigo 11. Protección de datos persoais.

1. Toda utilización da información pública a través dos distintos mecanismos previstos nesta Ordenanza realizarase con total respecto ós dereitos derivados da protección de datos de carácter persoal, nos termos regulados na lexislación específica sobre a dita materia e nos artigos 5.3 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

2. A protección dos datos de carácter persoal non suporá un límite para a publicidade activa e o acceso á información pública cando o titular do dato falecese, salvo que concorran outros dereitos prevalentes.

Igualmente, non se aplicará este límite cando os titulares dos datos os fixesen manifestamente públicos previamente ou fora posible a disociación dos datos de carácter persoal sen que resulte información enganosa ou distorsionada e sen que sexa posible a identificación das persoas afectadas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

3. *Considéranse datos simplemente identificativos relacionados coa organización, funcionamento ou actividade pública dos órganos das entidades incluídas no artigo 2.1, os datos das persoas físicas que presten os seus servizos en tales órganos, consistentes unicamente no seu nome e apelidos, as funcións ou postos desempeñados, así como o enderezo postal ou electrónico, teléfono e número de fax profesionais.*

CAPÍTULO III

Publicidade activa da información

SECCIÓN 1ª. RÉXIME XERAL

Artigo 12. *Obxecto e finalidade da publicidade activa.*

1. *Os suxeitos enumerados no artigo 2.1 publicarán, a iniciativa propia e de maneira gratuíta, a información pública cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade e a reutilización da información e, en todo caso, a información cuxo contido se detalla nos artigos 16 ó 22. A dita información ten carácter de mínimo e obrigatorio, sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade, ou da posibilidade de ampliar o seu contido a vontade dos suxeitos obrigados.*

Para o cumprimento da dita obriga a Deputación Provincial de Ourense poderá requirir a información que sexa precisa das persoas físicas e xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan competencias administrativas, e dos contratistas, nos termos previstos no respectivo contrato.

2. *Tamén será obxecto de publicidade activa aquela información cuxo acceso se solicite con maior frecuencia, e as resolucións que deneguen ou limiten o acceso á información unha vez fosen notificadas ás persoas interesadas, previa disociación dos datos de carácter persoal que contivesen.*

Artigo 13. *Lugar de publicación.*

1. *A información publicarase na páxina web ou sede electrónica das entidades incluídas no seu ámbito de aplicación, ou, no seu caso, nun portal específico de transparencia.*

2. *A páxina web ou sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense conterá, así mesmo, os enlaces ás respectivas páxinas web ou sedes electrónicas dos entes dependentes da entidade local e o resto de suxeitos e entidades vinculadas a esta con obrigas de publicidade activa impostas pola normativa que lles sexa de aplicación.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

3. A Deputación Provincial de Ourense poderá adoptar outras medidas complementarias e de colaboración co resto de administracións públicas para o cumprimento das súas obrigas de publicidade activa, incluíndo a utilización de portais de transparencia e de datos abertos doutras entidades.

Artigo 14. Órgano competente e forma de publicación.

1. As entidades incluídas no artigo 2.1 da Ordenanza identificarán e darán publicidade suficiente á información relativa ós órganos competentes responsables da publicación activa regulada neste capítulo. En defecto de previsión específica na súa normativa estatutaria, entenderase que a dita responsabilidade lle corresponderá ó superior órgano unipersoal colexiado de cada entidade.

2. A información publicarase de maneira clara e estruturada, e fácil de entender, utilizando unha linguaxe accesible. Se pola natureza ou o contido da información, esta resultase complexa polo seu carácter técnico, realizarase unha versión específica e máis sinxela para a súa publicación.

3. Incluirase o catálogo completo de información obxecto de publicidade activa, indicando o órgano ou servizo do que procede a información, a frecuencia da súa actualización, a última data de actualización, os termos da súa reutilización e, no seu caso, a información semántica necesaria para a súa interpretación.

4. A información publicarase en lingua galega e castelá.

Artigo 15. Prazos de publicación e actualización.

1. Deberá proporcionarse información actualizada, atendendo ás peculiaridades propias da información de que se trate.

2. A información pública manterase publicada durante os seguintes prazos.

- a) A información mencionada nos artigos 16, 17, 18 e 21, mentres manteña a súa vixencia.
- b) A información mencionada no artigo 19, mentres persistan as obrigas derivadas destes e, polo menos, dous anos despois de que estas cesen.
- c) A información mencionada no artigo 20, durante cinco anos contados desde o momento que foi xerada.
- d) A información do artigo 22, mentres manteña a súa vixencia e, polo menos, cinco anos despois de que cese esta.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

3. A información publicada deberá ser obxecto de actualización no prazo máis breve posible e, en todo caso, respectando a frecuencia de actualización anunciada, de acordo coas características da información, as posibilidades técnicas e os medios dispoñibles.

4. En todo caso, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que no mesmo lugar no que se publica a información pública se manteña a información que deixa de ser actual.

SECCIÓN 2ª. OBRIGAS ESPECÍFICAS

Artigo 16. Información sobre a institución, a súa organización, planificación e persoal.

1. As entidades enumeradas no artigo 2.1, co alcance previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro e na Lei 7/1985, do 2 de abril, publicarán información relativa a:

- a) As competencias e funcións que exercen, tanto propias como atribuídas por delegación.
- b) A normativa que lles sexa de aplicación.
- c) Identificación dos seus entes dependentes e participados, incluíndo enlaces ás súas páxinas web corporativas.
- d) Organigrama descritivo da estrutura organizativa: identificación dos distintos órganos decisorios, consultivos, de participación ou de xestión, especificando a súa sede, composición e competencias.
- e) Identificación dos responsables dos distintos órganos sinalados no parágrafo d), especificando o seu perfil e traxectoria profesional.
- f) Estrutura administrativa da entidade, con identificación dos máximos responsables de cada unidade co nivel mínimo de sección.
- g) As resolucións de autorización ou recoñecemento de compatibilidade que afecten ós empregados públicos.
- h) Os plans e mapas estratéxicos, así como outros documentos de planificación, especificando os seus obxectivos concretos, actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. Tamén os documentos que reflicten o seu grao de cumprimento e resultados, xunto cos indicadores de medida e valoración, serán publicados periodicamente, cunha frecuencia mínima anual.
- i) Os programas anuais e plurianuais, especificando os seus obxectivos concretos, actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. Tamén os documentos que reflicten o seu grao de cumprimento e resultados, xunto cos indicadores de medida e valoración, serán publicados periodicamente, cunha frecuencia mínima anual.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

- l) Número de postos de traballo reservados a persoal eventual.*
- m) Relacións de postos de traballo, catálogos ou outros instrumentos de planificación de persoal.*
- n) A oferta de emprego público ou outros instrumentos similares de xestión da provisión de necesidades de persoal.*
- o) Os procesos de selección e provisión de postos de traballo.*
- p) A identificación das persoas que forman parte dos órganos de representación do persoal.*

2. A información referida no apartado l) debe publicarse, en todo caso, na sede electrónica.

Artigo 17. *Información sobre altos cargos e persoas que exercen a máxima responsabilidade das entidades.*

En relación coas persoas incluídas no ámbito de aplicación do artigo 75 e a disposición adicional décimo quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, publicarase, como mínimo a seguinte información:

- a) As retribucións percibidas anualmente.*
- b) As indemnizacións percibidas, no seu caso, con ocasión do abandono do cargo.*
- c) As resolucións que autoricen o exercicio de actividade privada como motivo do seu cese.*
- d) As declaracións anuais de bens e actividades nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril e no Regulamento orgánico da Deputación Provincial.*

Artigo 18. *Información de relevancia xurídica e patrimonial.*

As entidades enumeradas no artigo 2.1 a) e b) publicarán información relativa a:

- a) O texto completo das ordenanzas, regulamentos e disposicións de carácter xeral.*
- b) Os proxectos de ordenanzas, regulamentos e outras disposicións de carácter normativo cuxa iniciativa lles corresponda, incluíndo as memorias e informes que conformen os expedientes de elaboración das ditas normas. Cando sexa preceptiva a solicitude de ditames, a publicación producirase unha vez que estes fosen solicitados ós órganos consultivos correspondentes sen que iso supoña, necesariamente, a apertura dun trámite de audiencia pública.*
- c) As directrices, instrucións, acordos, circulares ou respostas a consultas formuladas polos particulares ou outros órganos na medida en que supoñan unha interpretación do Dereito ou teñan efectos xurídicos.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

- d) *Os documentos que, conforme á lexislación vixente, deban ser sometidos a un período de información pública durante a súa tramitación.*
- e) *Relación de bens inmobles que sexan da súa propiedade ou sobre os que ostenten algún dereito real.*

Artigo 19. *Información sobre contratación, convenios e subvencións.*

As entidades enumeradas no artigo 2.1 publicarán información relativa a:

- a) *Todos os contratos formalizados, con indicación do obxecto, o importe de licitación e de adxudicación, duración, con expresión das prórrogas, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, se publicitou, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. A publicación da información relativa ós contratos menores poderá realizarse, polo menos, trimestralmente.*
- b) *As modificacións e as decisións de desistimento e renuncia dos contratos sinalados no parágrafo a).*
- c) *O perfil do contratante.*
- d) *Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público.*
- e) *A relación dos convenios subscritos, con mención das partes asinantes, o seu obxecto, duración, modificacións realizadas, obrigados á realización das prestacións e, no seu caso, as obrigas económicas convenidas.*
- f) *As encomendas de xestión que se asinen, con indicación do seu obxecto, orzamento, duración, obrigas económicas e as subcontratacións que se realicen con mención dos adxudicatarios, procedemento seguido para a adxudicación e importe desta.*
- g) *As subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios.*

Artigo 20. *Información económica, financeira e orzamentaria.*

1. As entidades enumeradas no artigo 2.1 publicarán información relativa a:

- a) *Os orzamentos anuais, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada polo menos trimestralmente sobre o seu estado de execución.*
- b) *As modificacións orzamentarias realizadas.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

- c) *Información sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.*
- d) *A liquidación do orzamento.*
- e) *As contas anuais que deban renderse e os informes de auditoría de contas e de fiscalización por parte dos órganos de control externo que sobre as ditas contas se emitan.*
- f) *Masa salarial do persoal laboral do sector público local, nos termos regulados no artigo 103 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril.*
- g) *Custos dos servizos de titularidade provincial, e dos servizos municipais xestionados pola Deputación, determinados conforme ó establecido no artigo 116 ter da Lei 7/1985 de 2 de abril.*

2. *A información referida nos apartados f) e g) publicarase, en todo caso, na sede electrónica.*

Artigo 21. Información sobre servizos e procedementos.

As entidades enumeradas no artigo 2.1 publicarán información relativa a:

- a) *O catálogo xeral dos servizos que presta, con información adecuada sobre o contido destes, situación e dispoñibilidade, así como o procedemento para presentar queixas sobre o funcionamento destes.*
- b) *Sedes dos servizos e equipamentos da entidade, enderezo, horarios de atención ó público e enlaces ás súas páxinas web corporativas e enderezos de correo electrónico ou vías de prestación dos servizos.*
- c) *As cartas de servizos e outros documentos de compromisos de niveis de calidade estandarizados cos cidadáns, así como os documentos que reflicten o seu grao de cumprimento a través de indicadores de medida e valoración.*
- d) *O catálogo dos procedementos administrativos da súa competencia, con indicación do obxecto, formas de iniciación, documentación para achegar, trámites, normativa aplicable, prazos de resolución e sentido do silencio administrativo, así como, no seu caso, as instancias e formularios que teñan asociados, especificando os que son realizables vía electrónica.*

Artigo 22. Información medioambiental e urbanística

A Deputación Provincial de Ourense publicará información relativa a:

- a) *Os textos normativos aplicables en materia de medio ambiente.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

- b) *As políticas, programas e plans da Deputación Provincial relativos ó medio ambiente, así como os informes de seguimento deses.*
- c) *Os estudos de impacto ambiental, paisaxísticos e avaliacións do risco relativos a elementos medioambientais de infraestruturas e servizos de titularidade provincial.*

CAPÍTULO IV

Dereito de acceso á información pública

SECCIÓN 1ª. RÉXIME XURÍDICO

Artigo 23. *Titularidade do dereito.*

Calquera persoa de acordo co disposto no artigo 4.2 é titular do dereito regulado no artigo 105 b) da Constitución, de conformidade co réxime xurídico establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o desenvolvemento regulamentario que teña carácter de normativa básica.

A capacidade de obrar para exercitar este dereito, incluso cando se trate de menores de idade, rexerese polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 24. *Limitacións.*

1. Só se denegará o acceso a información pública afectada por algún dos límites enumerados nos artigos 10 e 11, cando, trala resolución motivada e proporcionada previa, quede acreditado o prexuízo para aquelas materias e non exista un interese público ou privado superior que xustifique o acceso.

2. Se do resultado da dita ponderación, procedese a denegación do acceso, analizarase previamente a posibilidade de conceder o acceso parcial previa omisión da información afectada polo límite de que se trate, salvo que de iso resulte unha información distorsionada ou que careza de sentido. Cando se conceda o acceso parcial, deberá garantirse a reserva da información afectada polas limitacións e a advertencia e constancia desa reserva.

SECCIÓN 2ª. PROCEDIMENTO

Artigo 25. *Competencia.*

1. A competencia para a resolución de solicitudes relativas ó acceso ó dereito de información corresponderá, en cada unha das entidades a que se refire o artigo 2.1 da Ordenanza, ó superior órgano unipersoal de cada unha delas. No caso concreto da Deputación, a competencia corresponderá á Presidencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

2. Os órganos das entidades a que se refire o artigo 2.1 da Ordenanza que reciban as solicitudes de acceso se inhibirán de tramitalas cando, aínda tratándose de información pública que posúan, fora elaborada ou xerada na súa integridade ou parte principal por outra entidade. Así mesmo, inhibiranse cando non posúan a información solicitada, pero coñezan que órgano competente para resolver a posúa.

Nos casos mencionados no parágrafo anterior, remitirase a solicitude ó órgano que se estime competente e notificarase tal circunstancia ó solicitante.

3. Nos supostos nos que a información pública solicitada deba requirirse a persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas ou a contratistas da administración, a resolución sobre o acceso será ditada pola entidade á que se encontren vinculadas.

Artigo 26. Solicitude.

1. Os órganos competentes para resolver as solicitudes de acceso á información pública non requirirán ós solicitantes máis datos sobre a súa identidade que os imprescindibles para poder resolver e notificar aquelas.

Así mesmo, prestarán o apoio e asesoramento necesario ó solicitante para a identificación da información pública solicitada.

2. Non será necesario motivar a solicitude de acceso á información pública. Non obstante, o interese ou motivación expresada polo interesado poderá ser tida en conta para ponderar, no seu caso, o interese público na divulgación da información e os dereitos dos afectados cuxos datos aparezan na información solicitada, de acordo co establecido no artigo 11.

3. A presentación da solicitude non estará suxeita a prazo.

4. Comunicarase ó solicitante o prazo máximo establecido para a resolución e notificación do procedemento, así como do efecto que poida producir o silencio administrativo, nos termos previstos na normativa sobre procedemento administrativo.

Artigo 27. Inadmisión.

1. As causas de inadmisión enumeradas no artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, serán interpretadas restritivamente en favor do principio de máxima accesibilidade da información pública.

2. Na resolución de inadmisión por tratarse de información en curso de elaboración ou publicación xeral, informarase do tempo previsto para a súa conclusión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

3. Os informes preceptivos e demais documentos que formen parte integrante dos expedientes administrativos non serán considerados información de carácter auxiliar ou de apoio, para os efectos de inadmitir unha solicitude de acceso. Non obstante, isto non impedirá a denegación do acceso se algún dos límites establecidos nos artigos 10 e 11, puidera resultar prexudicado.

4. A inadmisión pola causa prevista no apartado d) do artigo 18.1 da Lei 19/2013 de decembro acordarase sen prexuízo de que se proceda conforme ó previsto no artigo 25.3 da presente Ordenanza.

Artigo 28. Tramitación.

1. Os trámites de emenda da información solicitada, cando non fose identificada suficientemente, e de audiencia ós titulares de dereitos e intereses debidamente identificados, que poidan resultar afectados, suspenderán o prazo para ditar resolución, nos termos establecidos no artigo 19 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

2. Da suspensión prevista no apartado 1 e o seu levantamento, así como da ampliación do prazo para resolver, informarase ó solicitante para que poida ter coñecemento do cómputo do prazo para ditar resolución.

Artigo 29. Resolución.

1. A denegación do acceso por aplicación dos límites establecidos nos artigos 10 e 11 será motivada, sen que sexa suficiente a mera enumeración dos límites do dereito de acceso, sendo preciso examinar a razoabilidade e proporcionalidade dos dereitos que concorren para determinar cal é o ben ou interese protexido que debe preservarse.

2. O acceso poderá condicionarse ó transcurso dun prazo determinado cando a causa de denegación estea vinculada a un interese que afecte exclusivamente á entidade local competente.

Artigo 30. Notificación e publicidade da resolución.

1. A resolución que se dite nos procedementos de acceso á información pública notificarase ós solicitantes e ós terceiros titulares de dereitos e intereses afectados que así o soliciten.

Na notificación farase expresa mención á posibilidade de interpoñer contra a resolución a reclamación potestativa a que fai referencia o artigo 23 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, ou o recurso contencioso - administrativo.

2. A resolución que se dite en aplicación dos límites do artigo 10, farase pública, trala disociación previa dos datos de carácter persoal e unha vez se notificase ós interesados.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

Artigo 31. Materialización do acceso.

A información pública facilitarase coa resolución estimatoria do acceso ou, no seu caso, no prazo non superior a dez días desde a notificación. No caso de que durante o trámite de audiencia existise oposición de terceiros, o acceso materializarase cando transcorrese o prazo para interpoñer recurso contencioso - administrativo sen que se formalizase ou resolvese confirmando o dereito a acceder á información.

Este efecto suspensivo producirase, igualmente, durante o prazo de resolución da reclamación potestativa previa, dado que cabe contra ela recurso contencioso -administrativo.

CAPÍTULO V**Reutilización da información****Artigo 32. Obxectivos da reutilización.**

A reutilización da información xerada nas súas funcións polas entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza ten como obxectivo fundamental a creación de valor público na sociedade nos ámbitos social, innovador e económico.

As entidades incluídas no ámbito de aplicación da presente Ordenanza realizarán os esforzos necesarios para federar o seu catálogo de información pública reutilizable xunto cos catálogos do resto de entidades de forma agregada en plataformas comúns, como <http://datos.gob.es>, co único obxectivo de colaborar na construción dun único catálogo de información pública reutilizable, facilitar a actividade do sector reutilizador da sociedade e incrementar así o valor social, innovador e económico xerado pola transparencia colaborativa do sector público.

Artigo 33. Réxime aplicable a documentos reutilizables suxeitos a dereitos de propiedade intelectual e dereitos exclusivos.

1. A reutilización da información regulada nesta Ordenanza non se aplica ós documentos sometidos a dereitos de propiedade intelectual ou industrial especialmente por parte de terceiros.

Para os efectos desta Ordenanza enténdese por dereitos de propiedade intelectual os dereitos de autor e dereitos afíns, incluídas as formas de protección específicas.

2. A presente Ordenanza tampouco afecta á existencia de dereitos de propiedade intelectual dos entes incluídos no seu ámbito de aplicación.

3. As entidades incluídas no ámbito de aplicación da presente Ordenanza exercerán, en todo caso, os seus dereitos de autor dunha maneira que facilite a reutilización.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

Artigo 34. Criterios xerais.

1. Poderase reutilizar a información pública á que se refiren os artigos anteriores dentro dos límites establecidos pola normativa vixente en materia de reutilización da información do sector público.
2. Con carácter xeral, toda a información publicada ou posta a disposición será reutilizable e accesible, sen necesidade de autorización previa e de forma gratuíta, salvo que nela se faga constar expresamente o contrario.
3. En particular, a reutilización da información que teña a consideración de publicidade activa tanto nesta Ordenanza como na Lei 19/2013, do 9 de decembro, seguirá sempre a modalidade de reutilización sen suxeición a solicitude previa e/ou condicións específicas e ofrecerase en formatos electrónicos lexibles por máquinas e en formato aberto que permitan a súa distribución, reutilización e aproveitamento seguindo sempre nos termos previstos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos e a normativa técnica de interoperabilidade sobre reutilización de recursos da información vixente en cada momento.

Artigo 35. Condicións de reutilización.

1. A reutilización da información por persoas ou entidades está sometida ás seguintes condicións:
 - a) O contido non poderá ser alterado se leva consigo a perda do sentido e desnaturalización da información, de forma que poidan darse interpretacións incorrectas sobre o seu significado.
 - b) Deberase citar sempre á entidade que orixinariamente publicou a información como fonte e unha mención expresa da data da última actualización da información reutilizada.
 - c) Non se dará a entender de ningún modo que a entidade que orixinariamente publicou a información patrocina, colabora ou apoia o produto, servizo, proxecto ou acción no que se enmarque a reutilización, sen prexuízo de que este patrocinio, apoio ou colaboración poida existir con base nunha decisión ou acordo específico da citada entidade, en cuxo caso poderá facerse constar nos termos que se conteñan neste.
 - d) Deberanse conservar os elementos que garanten a calidade da información, sempre que iso non resulte incompatible coa reutilización a realizar.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

2. A publicación ou posta a disposición de información pública leva consigo a cesión gratuíta e non exclusiva por parte da entidade que orixinariamente publica a información dos dereitos de propiedade intelectual que resulten necesarios para desenvolver a actividade de reutilización, con carácter universal e polo prazo máximo permitido pola Lei.

3. Na mesma sección da páxina web ou sede electrónica na que se publique información, publicaranse as condicións xerais para a reutilización.

Artigo 36. Exaccións.

1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza poderán esixir exaccións sobre a reutilización da información para permitir cubrir os custos do servizo ou actividade incluíndo nos ditos custos exclusivamente os relativos á súa reprodución, posta a disposición e difusión. En ningún caso poderán establecerse exacción que correspondan ós custes de recollida e produción da información.

2. Cando se establezan exaccións para a reutilización de información pública, incluírase na páxina web ou sede electrónica da entidade a relación destes, co seu importe e a base de cálculo utilizada para a súa determinación, así como os conxuntos de datos ou documentos ós que son aplicables.

Artigo 37. Exclusividade da reutilización.

1. Quedan prohibidos os acordos exclusivos en materia de reutilización da información. A reutilización estará aberta a todos os axentes potenciais do mercado, incluso no caso de que un ou máis dos axentes exploten xa produtos con valor engadido baseados en información do sector público. Os contratos ou acordos doutro tipo existentes que conserven os documentos e os terceiros non outorgarán dereitos exclusivos.

2. Non obstante, cando sexa necesario un dereito exclusivo para a prestación dun servizo de interese público, a entidade incluída no ámbito de aplicación desta Ordenanza revisará periodicamente e como máximo cada tres anos, a validez do motivo que xustificou a concesión do dereito exclusivo.

3. Respecto dos dereitos exclusivos relacionados coa dixitalización de recursos culturais, estarase á regulación específica da materia.

4. Todos os acordos que concedan dereitos exclusivos de reutilización serán transparentes e poranse en coñecemento do público.

Artigo 38. Modalidades de reutilización da información.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza clasificarán a reutilización de toda a información que obra no seu poder e que sexa publicada de acordo con algunha das seguintes modalidades de reutilización:

- a) *Modalidade de reutilización sen solicitude previa nin suxeición a condicións específicas. Esta será a modalidade de uso prioritaria e xeneralizada na que a información publicada ou posta a disposición será reutilizable e accesible, sen necesidade de autorización previa nin condicións específicas, respectándose os criterios xerais e as condicións de reutilización do artigo 35.*
- b) *Modalidade de reutilización suxeita a modos de uso limitados ou a autorización previa. De forma **excepcional**, esta modalidade recollerá a reutilización de información posta a disposición con suxeición a condicións específicas establecidas nunha licenza-tipo ou nunha previa autorización, a cal poderá incorporar, así mesmo, condicións específicas.*

2. As condicións específicas respectarán os seguintes criterios:

- a) *Serán claras, xustas e transparentes.*
- b) *Non deberán restrinxir as posibilidades de reutilización nin limitar a competencia.*
- c) *Non deberán ser discriminatorias para categorías comparables de reutilización.*
- d) *Aplicaranse cando exista causa xustificada para iso e tralo acordo previo da entidade titular da información.*

3. *En todo caso, utilizarase o mínimo número posible de modos de uso limitados para regular os distintos supostos de reutilización suxeitos a condicións específicas e estes sempre estarán dispoñibles en formato dixital, aberto e procesable electronicamente. Estes modos de uso limitados poderán ser elaborados pola propia entidade, aínda que serán preferidas as de uso libre e gratuíto que gocen de ampla aceptación nacional e internacional ou aquelas que fosen consensuadas con ou por outras administracións públicas. Os modos de uso limitados serán publicados na sede electrónica.*

4. *As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza poderán modificar o contido das condicións específicas e modos de uso limitado xa existentes, así como aplicar condicións específicas e modos de uso limitado a conxuntos de datos ou documentos que previamente non as tiveran. Estas modificacións publicaranse na páxina web e obrigarán ós reutilizadores a partir da publicación ou posta a disposición da primeira actualización dos*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

datos ou documentos que se realice despois de que a modificación fose publicada ou, en calquera caso, transcorridos seis meses desde a dita data.

Artigo 39. *Publicación de información reutilizable.*

1. A publicación activa de información reutilizable incluírá o seu contido, natureza, estrutura, formato, frecuencia de actualización, modalidade de reutilización, así como as condicións aplicables e, no seu caso, a exacción ós que estea suxeita a reutilización que será accesible por medios electrónicos para que os axentes reutilizadores poidan realizar a autoliquidación e pagamento.

2. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza facilitarán os seus documentos en calquera formato ou lingua en que existan previamente e, sempre que sexa posible e apropiado, en formato lexible por máquina e conxuntamente cos seus metadatos. Tanto o formato como os metadatos, na medida do posible, deben cumprir normas formais abertas. Concretamente, utilizaranse estándares clasificados na súa correspondente categoría con tipoloxía de abertos, na súa versión mínima aceptada e estado admitido seguindo o establecido na normativa técnica de interoperabilidade .

3. O apartado 2 non supón que as entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza estean obrigadas, para cumprir o dito apartado, a crear documentos, adaptalos ou facilitar extractos de documentos, cando iso supoña un esforzo desproporcionado que leve consigo algo máis que unha simple manipulación. Non poderá esixirse ás citadas entidades que manteñan a produción e o almacenamento dun determinado tipo de documento con vistas á súa reutilización por unha entidade do sector privado ou público.

4. Os sistemas de busca de información e documentación publicada permitirá a indicación de busca de información reutilizable.

Artigo 40. *Procedemento de tramitación de solicitudes de reutilización.*

1. O procedemento de tramitación será o regulado nos artigo 10 da Lei 37/2007, do 17 de novembro. Será competente para resolver o superior órgano unipersoal de cada entidade.

2. O órgano competente resolverá as solicitudes de reutilización no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude. Cando por volume e pola complexidade da información solicitada resulte imposible cumprir o citado prazo, poderase ampliar o prazo en quince días. Neste caso, deberá informarse ó solicitante da ampliación do prazo, así como das razóns que o xustifican.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

3. No caso de que se solicite simultaneamente o acceso á información regulado no capítulo IV e a reutilización da dita información, tramitarase conxuntamente polo procedemento establecido no capítulo IV, aplicándose os prazos máximos de resolución previstos no artigo 20 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

4. Se no prazo máximo previsto para resolver e notificar non se ditase resolución expresa, o solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude.

CAPÍTULO VI

Reclamacións e réxime sancionador

SECCIÓN 1ª. RECLAMACIÓNS

Artigo 41. Reclamacións.

1. As persoas que consideren que non se encontra dispoñible unha información de carácter público que debería estar publicada, de acordo co principio de publicidade activa que preside esta Ordenanza e o disposto nos artigos 16 ó 22, poderá cursar queixa ante o órgano competente en materia de información pública a través do sistema de avisos, queixas e suxestións. O dito órgano deberá realizar a comunicación correspondente nun prazo máximo de 10 días desde que se rexistrou a reclamación, ou no prazo determinado polos compromisos de calidade establecidos polo propio sistema de avisos, queixas e suxestións de ser este inferior.

2. Fronte a toda resolución, acto ou omisión do órgano competente en materia de acceso á información pública, os interesados poderán interpoñer reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno ou ante órgano independente que no seu caso estableza a Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso - administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e cos prazos e vías de reclamación, prazos de resolución e termos de notificación que o dito precepto establece.

SECCIÓN 2ª. RÉXIME SANCIONADOR EN MATERIA DE REUTILIZACIÓN DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Artigo 42. Infraccións.

1. Considéranse infraccións moi graves:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

- a) *A desnaturalización do sentido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.*
 - b) *A alteración moi grave do contido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitados ou autorización previa.*
2. *Considéranse infraccións graves:*
- a) *A reutilización de documentación sen ter obtido a correspondente autorización nos casos en que esta sexa requirida.*
 - b) *A reutilización da información para unha finalidade distinta para a que se concedeu.*
 - c) *A alteración grave do contido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.*
 - d) *O incumprimento grave doutras condicións impostas no correspondente modo de uso limitado, na autorización previa ou na normativa reguladora aplicable.*
3. *Considéranse infraccións leves:*
- a) *A falta de mención da data da última actualización da información.*
 - b) *A alteración leve do contido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.*
 - c) *A ausencia de cita da fonte de acordo co previsto nesta Ordenanza.*
 - d) *O incumprimento leve doutras condicións impostas no correspondente modo de uso limitado, na autorización previa ou na normativa reguladora aplicable.*

Artigo 43. Sancións

1. *Pola comisión das infraccións recollidas neste capítulo, imporanse as seguintes sancións:*
- a) *Sanción de multa de ata 3.000,00 euros pola comisión de infraccións moi graves.*
 - b) *Sanción de multa de ata 1.500,00 euros pola comisión de infraccións graves.*
 - c) *Sanción de multa de ata 750,00 euros pola comisión de infraccións leves.*
2. *Pola comisión de infraccións moi graves e graves recollidas, ademais das sancións previstas nos parágrafos a) e b), poderase sancionar coa prohibición de reutilizar documentos sometidos a autorización ou modo de uso limitado durante un período de tempo entre 1 e 5 anos e coa revogación da autorización ou modo de uso limitado concedida.*
3. *As sancións graduaranse atendendo á natureza da información reutilizada, ó volume da dita información, ós beneficios obtidos, ó grao de intencionalidade, ós danos e prexuízos causados, en particular ós que se refiren á protección de datos de carácter persoal, á reincidencia e a*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

calquera outra circunstancia que sexa relevante para determinar o grao de antixuridicidade e de culpabilidade presentes na concreta actuación infractora.

Artigo 44. *Réxime xurídico.*

1. A potestade sancionadora exercerase, en todo o non previsto na presente Ordenanza, de conformidade co disposto no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. O réxime sancionador previsto nesta Ordenanza enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que puidera incorrerse, que se fará efectiva de acordo coas correspondentes normas legais.

Artigo 45. *Órgano competente.*

Será competente para a imposición das sancións por infraccións cometidas contra as disposicións da presente Ordenanza a Presidencia da Deputación Provincial, incluso nos supostos en que a información reutilizada correspondese a outras entidades integrantes do sector público provincial.

Artigo 46. *Réxime disciplinario.*

O incumprimento das disposicións desta Ordenanza no ámbito da transparencia e o acceso á información, polo persoal ó servizo da Deputación Provincial de Ourense, será sancionado de conformidade co disposto nos artigos 9.3 e 20.6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e na normativa de carácter disciplinario.

CAPÍTULO VII

Avaliación e seguimento

Artigo 47. *Órgano responsable.*

1. A Presidencia, no exercicio das súas facultades de dirección do goberno e da administración local, exercerá ou delegará noutros órganos a competencia para a realización de cantas actuacións sexan necesarias para o desenvolvemento, implementación e execución do contido da presente Ordenanza.

2. Así mesmo establecerase a área ou servizo responsable das funcións derivadas do cumprimento da normativa vixente, ó que se lle encomendarán os obxectivos de desenvolvemento, avaliación e seguimento da normativa na materia e a elaboración de circulares e recomendacións, así como a coordinación coas áreas organizativas na aplicación dos seus preceptos.

Artigo 48. *Actividades de formación, sensibilización e difusión.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

A Deputación Provincial de Ourense realizará cantas actuacións resulten necesarias para garantir a adecuada difusión e coñecemento do disposto na presente Ordenanza. Para tal efecto deseñará accións de publicidade a través dos seus medios electrónicos e dos instrumentos de participación cidadá existentes no seu ámbito territorial. Así mesmo articulará accións formativas específicas destinadas ó persoal, así como de comunicación coas entidades incluídas no artigo 2.

Artigo 49. *Responsabilidades no desempeño das tarefas de desenvolvemento, avaliación e seguimento.*

As responsabilidades que se deriven do resultado dos procesos de avaliación e seguimento esixiranse segundo o previsto no capítulo VI.

Disposición final. Entrada en vigor.

A presente Ordenanza entrará en vigor o 10 de decembro de 2014.

2º) Someter a información pública o acordo de aprobación inicial, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, por prazo de trinta días hábiles. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións ou suxestión que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno da Corporación. En caso de non formularse alegacións ou suxestións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DAS FACULTADES QUE O CONCELLO DE TOÉN TEN ATRIBUÍDAS EN MATERIA DE RECADACIÓN DE GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN FORZOSA.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Toén ten atribuídas en materia de recadación de gastos derivados da aplicación de calquera dos medios de execución forzosa de acordos municipais previstos no artigo 96 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao abeiro do establecido no artigo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 29 de maio de 2014. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

5º.- MODIFICACIÓN DA BASE 74ª DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, adianta que van votar a favor desta modificación puntualizando que sempre e cando se vele porque se aplique estritamente o inciso "por razóns xustificadas", isto é, que sexan en casos puntuais e excepcionais que as ditas comisións se realizan ou prorrogan fóra do horario habitual, non que se converta nunha fórmula para fixalas adrede fóra dese horario para outorgar sobresoldos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que votan a favor, pero pensa que ten que quedar claro que isto non é para os cargos públicos. Pensa que isto é unha cuestión de xustiza, xa que se trata de que ás persoas nomeadas polos grupos ou pola institución para facer un labor (concesión de premios ou outras cuestións que requiran de criterios técnicos) se lles compensen os gastos que poidan ter á parte da asistencia (quilometraxe).

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que está de acordo co que di o Sr. Gómez Pérez e con respecto ao que di o Sr. Rodríguez Puga di que no apartado segundo do apartado c) xa se recolle o que propón: *Os empregados públicos provinciais terán dereito a percepción das ditas indemnizacións cando por razóns xustificadas as sesións dos órganos colexiados en que participen se realicen fóra da xornada laboral*. Logo se poderá razoar se a razón é xustificada ou non o é.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da base 74ª das de execución do orzamento, con efectos do 1 de xaneiro de 2014, co seguinte contido:

Engádesse un apartado c) co texto seguinte:

c) Asistencia por participación noutros órganos colexiados.

Os membros do Consello Asesor de Publicacións, das comisións de valoración en concursos de subvencións, dos comités de expertos e mesas de contratación que non teñan a condición de empregados públicos provinciais terán dereito a percibir por cada sesión as mesmas contías establecidas, conforme co Real decreto 462/2001, do 24 de maio, para os membros de tribunais e concursos da categoría primeira, así como as correspondentes indemnizacións por gastos de locomoción.

Os empregados públicos provinciais terán dereito a percepción das ditas indemnizacións cando por razóns xustificadas as sesións dos órganos colexiados en que participen se realicen fóra da xornada laboral.

Segundo: O presente acordo someterase a información pública mediante anuncio publicado no BOP, polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán formula-las alegacións que consideren oportunas. Unha vez transcorrido o prazo sinalado sen efectuarse reclamacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor. No caso de formularse alegacións ou reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno.

6º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2014, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA POBRA DE TRIVES E O IRIXO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que normalmente votan a favor deste tipo de cuestión, pero nesta ocasión se van abster porque non ten claro por qué se produce esa modificación, polo que lles gustaría unha explicación nese sentido. En todo caso reitera a abstención porque non teñen clara cal é a modificación en si.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que nos dous casos son peticións das administracións municipais, que nun caso reduce a achega municipal prevista e no outro caso a aumenta e son cuestións formuladas polos propios concellos.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2014 relativa ás obras municipais dos concellos de:

. A Pobra de Trives, minorando en 20.000,00 € o orzamento consignado para a execución da obra “Pavimentación rúas da Pobra de Trives fase II”, fixando o dito orzamento na cantidade de 45.000,00 € e destinando ata un máximo de 5.000 € á contratación dos servizos complementarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da dita actuación

. O Irixo, incrementando, mediante achega municipal, na cantidade de 20.000,00 € o orzamento consignado para a execución da obra “Rexeneración firmes rede viaria municipal”, fixando o dito orzamento na cantidade de 70.000,00 €.

7º.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E DOS PUNTOS LIMPOS DA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, adianta que o seu grupo vai votar en contra, basicamente por algo que xa se debateu no pleno. O que se fai a través da ordenanza é repercutir na cidadanía o incremento do canon de SOGAMA. Entenden que neste momento, no que moitas familias teñen enormes dificultades para chegar a final de mes o máis recomendable non é aumentar a presión fiscal. Cren que este é un paso máis no proceso de privatización do servizo, e dá a sensación de que se están adiantando traballo, ou deixándolle os deberes feitos á futura empresa adxudicataria do servizo de recollida de lixo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo ten unha posición clara e demóstrano votando a favor da ordenanza, pero iso non significa que estean de acordo coa subida do canon de SOGAMA. Esta é unha ordenanza que aplicarán os concellos que queiran aplicala, xa que algúns concellos (como o del) marcan os prezos que queren marcar, pero o seu grupo non vai ser impedimento para que os concellos que se queiran rexer por unha ordenanza así o fagan. Se os concellos e os seus alcaldes queren aplicar esa subida será algo que teñen que asumir eles e que cada quen se entenda cos seus veciños. Cren que a ordenanza está ben porque se fixan criterios. Isto é resultado do bo entender que se tivo sempre deste servizo na Deputación, xa que todos están representados para tomar decisións máis ou menos conxuntamente. Como isto é consecuencia do que acaba de dicir, espera que ao Sr. presidente se lle quite a teima de seguir polo camiño da privatización, porque cre que estaría errado, xa que a tendencia está en recuperar os servizos públicos, ademais de que este servizo se está a facer relativamente ben. O Grupo Socialista nunca agochou que o servizo de recollida de lixo desta Deputación funcionaba ben, polo que lle piden ao presidente que quite da cabeza a intención de privatizalo e que busque outro tipo de iniciativas para melloralo pero que siga a ser un servizo público.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que na proposta da Presidencia consta claramente que con data 27 de maio de 2014 a Comisión Xeral de Seguimento do Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia, acordou informar favorablemente o proxecto de Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo, formulado pola Presidencia en data 20 de maio de 2014. Pídelle ao Sr. Iglesias Pérez respecto pola autonomía municipal. Con posterioridade tamén se incorporou o Concello de Petín. A nova ordenanza fiscal reguladora destas taxas fundaméntase no estudo económico elaborado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente, que en resumo di o seguinte: transcorridos catro anos desde o anterior estudo económico que serviu de base para o establecemento das taxas do lixo actuais, e incorporado xa o incremento do canon de SOGAMA, resulta: 1º.- O custo repercutible do servizo intermunicipal de recollida e tratamento de RSU, en réxime de competencia delegada para o ano 2014 ascende a máis de cinco millóns de euros, o que implica un custo por habitante de 45,43 €/ano repercutible aos concellos e un custo por abonado de 60,69 €/ano trasladable á taxa. 2º.- O custo total do servizo para o ano 2014 é de case seis millóns cincocentos mil euros, polo que a parte soportada polos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

concellos é dun 80,26%, asumindo a Deputación con cargo á cooperación municipal o restante 19,74%. 3º.- O incremento da taxa proposto de 10 € representa un 20%. 4º.- O incremento do canon de transferencia e tratamento ten un impacto de 65 céntimos de euros por abonado e mes. Para finalizar di que dos 49 concellos que na actualidade teñen delegada a xestión deste servizo na Deputación, tan só 24 aplicarán esta ordenanza porque así o manifestaron; algúns aplicarana no ano 2015, e dous deles no ano 2016, os restantes 25 ou ben seguirán aplicando a ordenanza vixente ao día de hoxe ou se rexerán por outras ordenanzas que tramiten. Reitera a autonomía municipal en cada caso, como non pode ser doutro xeito.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que non van ser eles os que non respecten a autonomía municipal, é máis, a independencia municipal. Pero hai que ser realistas e pregúntase se esta ordenanza tivese carácter imperativo sería aprobada co mesmo consenso (seguramente non) e polo mesmo motivo e baseándose no mesmo argumento o BNG está en desacordo con esta ordenanza dentro da autonomía política do grupo.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense, conforme co seguinte texto:

Proxecto de Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense

Título preliminar: Disposición xerais

Artigo 1. Obxecto, fundamento e ámbito territorial de aplicación.

1. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas correspondentes ó servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos nos municipios de Avión, Bande, Baltar, Beariz, Boborás, Entrimo, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Lobeira, Lobios, Muíños, A Peroxa, O Pereiro de Aguiar, Petín, Porqueira, Punxín, San Amaro, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sandiás, Sarreaus, Vilamarín e Vilamartín de Valdeorras.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

2. A aprobación desta Ordenanza fiscal por parte da Deputación Provincial de Ourense realízase en exercicio da competencia delegada polos concellos de referencia a través do convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación, en réxime de prestación delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos municipios que se adhiran (BOP n.º 3, de 4 de xaneiro de 2013).

O ámbito territorial de aplicación desta Ordenanza está integrado polos termos municipais dos concellos relacionados no apartado 1.

Título primeiro: Da taxa polo servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos

Artigo 2. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos nos municipios relacionados no artigo 1.1 da presente ordenanza a prestación, nos termos municipais respectivos, do servizo referenciado a vivendas e establecementos ou locais destinados a calquera tipo de actividade susceptible de produción de residuos sólidos urbanos, incluídas as que carezan de contido económico. O dito servizo ten o carácter de servizo público de prestación obrigatoria para os suxeitos pasivos.

Entenderase incluído no custe da taxa a prestación do servizo de puntos limpos, dispoñible para o conxunto da poboación empadroada nos municipios de aplicación e para as persoas que, aínda sen estar empadroadas, sexan contribuíntes ou substitutos do contribuínte na taxa de recollida, tratamento e eliminación de residuos do servizo intermunicipal delegado que se presta nos ditos municipios.

2. A prestación do servizo a cada vivenda, local ou establecemento constitúe un feito imponible diferenciado, dando lugar á devindicación da correspondente taxa, incluso nos supostos en que varias vivendas, locais ou establecementos pertencen a un mesmo suxeito pasivo.

3. Non están suxeitas á taxa as vivendas, locais e establecementos nas que concurra calquera das seguintes circunstancias de feito:

a) Atoparse en estado de ruína oficialmente declarado polo concello de conformidade coa lexislación urbanística vixente. A declaración de non suxeición e correspondente baixa no padrón producírase de oficio pola administración tributaria, unha vez comunicada polo concello a correspondente declaración de ruína.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

b) Trátase de inmobles non susceptibles de uso ou ocupación. A estes efectos, considéranse como tales unicamente os inmobles que carezan dos servizos de subministración de auga potable, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica. A declaración da non suxeición da taxa no suposto de inmobles non susceptibles de uso ou ocupación producirase a instancia de parte, e previa a acreditación de que o inmovible non dispón dos servizos de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica. Entenderase que o inmovible carece destes servizos cando estea dado de baixa como usuario en tódolos servizos sinalados, con carácter definitivo, pola entidade subministradora ou prestadora. No caso de que non se acredite este extremo, o inmovible considerarase utilizable ou ocupable, e devindicará a taxa correspondente.

4. Para os efectos da definición do feito impositivo, considéranse residuos sólidos urbanos os definidos como tales na lexislación vixente sobre residuos sólidos e na ordenanza ou ordenanzas que regulen o servizo.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ós que se preste o servizo, ben sexa a título de propietario ou en virtude de calquera título xurídico que outorgue o dereito ó uso do inmovible, como o usufruto, uso, habitación, arrendamento, precario ou calquera outro.

2. En todo caso, terá a consideración de substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre o ocupante ou usuarios.

Sen prexuízo do anterior, a administración tributaria, ó xestiona-la taxa, poderá realiza-la facturación ó ocupante do inmovible, de conformidade co establecido no artigo 6.

3. No caso de que a facturación desta taxa se viñese realizando conxuntamente coa de subministración de auga con anterioridade á data de entrada en vigor da presente ordenanza, consideraranse suxeitos pasivos ás persoas que figuren como contribuíntes no padrón da taxa de abastecemento de auga.

4. Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que a Lei Xeral Tributaria ou a Lei reguladora das facendas locais atribúe tal responsabilidade.

Artigo 4. Período impositivo e devindicación

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

1. O período impositivo coincidirá co ano natural ou co tempo efectivo de prestación do servizo durante o ano natural no suposto de inmobles dados de alta ou baixa no padrón de contribuíntes con efectos posteriores ó 1 de xaneiro, de conformidade co disposto nos apartados 3 e 4 deste artigo e no artigo 6.

2. Como regra xeral, e dado o carácter obrigatorio e permanente do servizo gravado, así como o feito da súa efectiva implantación no momento da entrada en vigor da presente Ordenanza, a taxa devindicarase por ano completo o 1 de xaneiro de cada exercicio natural para tódolos inmobles suxeitos conforme ó disposto no artigo 2.

3. No suposto en que o inmovible suxeito se dese de alta como usuario de calquera dos servizos ós que se refire o artigo 2.3.b) da presente Ordenanza con posterioridade ó 1 de xaneiro, nese exercicio a taxa entenderase devindicada a partir da primeira data na que se produza a alta nun dos amentados servizos. A cota tributaria aplicable neste suposto será o resultado de ratea-la cota tributaria anual polo número de días naturais dende a data da devindicación.

4. No suposto en que o inmovible suxeito se dese de baixa con posterioridade ó 1 de xaneiro de cada exercicio tributario, a devindicación entenderase producida con efectos ata a data de efectividade da baixa. A cota tributaria aplicable neste suposto será o resultado de ratea-la cota tributaria anual polo número de días naturais dende a data da devindicación ata a da baixa.

5. Nos supostos en que se produzan modificacións dos suxeitos pasivos con posterioridade ó 1 de xaneiro de cada exercicio tributario, estas modificacións xurdirán efecto na data de efectividade da modificación, imputándose a parte da cota tributaria anual que corresponda a quen fose suxeito pasivo en cada período temporal de prestación do servizo.

Artigo 5. Cota tributaria

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, denominada tarifa, determinada en función da natureza e destino dos inmobles, en atención a súa capacidade estimada de produción de residuos sólidos urbanos e á súa repercusión nos custes do servizo.

A estes efectos, a capacidade estimada de produción de residuos sólidos urbanos exprésase en abonados – equivalentes, recolléndose no anexo III as táboas de abonados equivalentes para cada tipo de actividade, outorgándose o valor da unidade ás vivendas do medio rural.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

2. No caso das vivendas, serán de aplicación as tarifas contidas no Anexo I, epígrafe primeiro, nas que se diferencian dúas tarifas:

a) Tarifa de vivendas situadas en zona urbana do servizo: caracterízanse porque a periodicidade do servizo de recollida é de catro a seis veces por semana.

b) Tarifa de vivendas situadas en zonas rurais do servizo: caracterízanse porque a periodicidade do servizo de recollida é dunha a tres veces por semana.

A inclusión dunha vivenda nun dos dous tipos de tarifa sinalados dependerá exclusivamente de que o servizo prestado sexa o propio de zonas urbanas ou o de zonas rurais, ámbolos dous definidos exclusivamente pola súa periodicidade, sen consideración algunha á clasificación urbanística do solo no que se empracen as ditas vivendas.

3. No caso de locais ou establecementos dedicados a actividades susceptibles de produción de residuos sólidos urbanos, as tarifas aplicables son as contidas no Anexo I, epígrafe segundo, establecidas en función da capacidade de produción de residuos estimada para cada tipo de actividade.

No suposto de actividades non recollidas no anexo III determinaranse os abonados equivalentes mediante resolución motivada por referencia a la produción estimada de residuos sólidos urbanos, previa audiencia do interesado.

4. As tarifas, referidas a un ano, serán divisibles por días naturais nos casos previstos na presente ordenanza.

5. Cando nun mesmo local ou establecemento se realicen varias actividades das recollidas no epígrafe segundo do Anexo I, cada unha delas tributará de xeito independente, considerándose que se realiza un feito imponible para cada actividade, devindicándose e liquidándose a cota tributaria correspondente por cada unha delas.

Por excepción, no caso dos restaurantes con servizo de bar ou cafetería, considerarase só como actividade a de restaurante.

6. Cando a aplicación das tarifas do Anexo I, epígrafe segundo, veña determinada pola superficie dos locais ou establecementos, considerarase como tal a superficie útil total do local que figure no Catastro.

7. Nos inmobles destinados a vivenda nos que se desenvolva calquera actividade susceptible de produción de residuos aplicarase unicamente a tarifa correspondente do epígrafe segundo. Para que esta regra sexa de aplicación esixirase que a actividade se desenvolva en dependencias

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

propias da vivenda que carezan de acceso independente. En caso contrario, aplicarase a regra establecida no apartado 5.

8. A tarifa especial de locais ou establecementos con contedor exclusivo aplicarase a aqueles locais ou establecementos cuxa produción semanal de lixo, en quilogramos, sexa superior a dez veces os abonados equivalentes da actividade. A procedencia da súa aplicación declararase de oficio pola administración tributaria, previa a tramitación dun expediente contradictorio no que se acreditará a realidade da produción de residuos do local o establecemento afectado. Na resolución que declare a aplicación deste réxime especial concretarase o volume e número de contedores exclusivos que deberá utiliza-lo local ou establecemento de que se trate, en función da produción de residuos acreditada no expediente.

A aplicación deste réxime poderá revisarse a instancia de parte no caso en que se modifícase a capacidade de produción de residuos sólidos urbanos.

As resolucións sobre aplicación do réxime especial de tarifas de locais con contedor exclusivo, así como as súas revisións ou modificacións posteriores, terán efectos a partir da data de emisión do acto administrativo correspondente.

Artigo 6. Normas de xestión, liquidación, inspección e recadación.-

1. Para os efectos da aplicación da presente ordenanza, considerarase administración tributaria á que en cada caso exerza a competencia de xestión tributaria e recadación. A Deputación Provincial de Ourense será a administración tributaria nos casos en que teña delegado o exercicio da competencia por parte dos concellos.

2. As normas de xestión contidas no presente artigo serán en todo caso aplicables á xestión tributaria e recadatoria cando esta sexa realizada pola Deputación Provincial de Ourense. No caso en que a xestión tributaria e recadación se leve a cabo polos concellos ou por outras entidades, estas normas serán de aplicación supletoria, en defecto de normas específicas de xestión.

3. A taxa xestionarase de oficio pola administración tributaria, a partir dun padrón que se formará anualmente, aprobándose mediante resolución da Presidencia, ou do órgano en cada caso competente en caso de que a administración tributaria non sexa a Deputación. O padrón recollerá os seguintes datos, para cada feito imponible do que a administración teña constancia:

a) Nome ou razón social e número de identificación fiscal do suxeito pasivo. Farase constar a identificación do titular do inmovible como contribuínte, agás no caso de que a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

administración tributaria teña constancia de que o contribuínte é unha persoa diferente, en cuxo caso no padrón figurarán o ocupante ou usuario como contribuínte e o titular do inmovible como substituto do contribuínte.

b) Identificación do inmovible ó que se presta o servizo

c) Data de devindicación da taxa e período impositivo

d) Cota tributaria líquida, determinada pola tarifa aplicable conforme á presente Ordenanza, especificando o epígrafe aplicable.

e) Prazos para o pagamento voluntario da taxa, que en ningún caso será inferior a dous meses.

4. O padrón especificará, para cada exercicio tributario, se a cota tributaria anual se facturará por períodos inferiores ó ano, detallando no seu caso a periodicidade que se estableza e os correspondentes prazos para pagamento en período voluntario.

5. O padrón será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos dos concellos, ademais de na páxina web da Deputación Provincial de Ourense. As modificacións, altas e baixas que se produzan ó longo do exercicio tributario incorporaranse ó padrón mediante resolución da Presidencia, que será obxecto de notificación individualizada ós interesados, sen prexuízo da súa publicación.

6. Como norma xeral, o padrón de contribuíntes será aprobado e publicado antes do 31 de decembro do exercicio inmediatamente anterior a aquel no que deba surtir efectos, que se producirán, en todo caso, a partir do 1 de xaneiro do exercicio de referencia.

Non obstante o anterior, e con carácter excepcional, cando existan circunstancias que o xustifiquen o padrón poderá ser obxecto de aprobación posterior, sendo válido e producindo igualmente os seus efectos a partir do 1 de xaneiro do exercicio ó que se refira.

7. As modificacións, altas e baixas individuais no padrón levaranse a cabo de oficio ou a instancia dos interesados, cando se modifiquen os supostos de feito que determinan a inclusión no padrón, e terán efectos a partir da data da súa aprobación, ou no seu caso a partir da data na que a administración tiña a obriga de realizar de oficio a modificación, conforme ó disposto no parágrafo seguinte.

A administración tributaria estará obrigada a realizar de oficio as modificacións, altas e baixas no prazo máximo de dez días hábiles dende a data en que teña coñecemento fidedigno dos feitos determinantes da modificación de que se trate.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

En todo caso, os interesados terán a obriga de comunicar á administración calquera feito con transcendencia tributaria susceptible de modifica-los datos do padrón, sen que sexan admisibles as reclamacións pola falla de modificación dos padróns cando esta teña como causa o incumprimento polo interesado da súa obriga de comunica-los cambios producidos e, en todo caso, cando estes non fosen coñecidos pola administración tributaria.

8. A facturación da taxa realizarase coa periodicidade establecida nos padróns, mediante a emisión dos correspondentes recibos, que serán comunicados ós interesados a efectos puramente informativos. A comunicación dos recibos non terá o carácter de notificación da liquidación tributaria, que se entenderá realizada mediante a publicación do padrón correspondente ou mediante a notificación dos actos de modificación puntual do dito padrón.

Nos supostos en que o suxeito pasivo contribuínte da taxa non sexa o titular do inmovible ó que se presta servizo, a facturación realizarase directamente ós ocupantes ou usuarios, sen que teña lugar a substitución do contribuínte, sempre que concorran os seguintes requisitos:

a) Que se solicite conxuntamente polo propietario e o ocupante ou usuario, achegando o título xurídico que lexitima o uso ou ocupación.

b) Que o sistema de pagamento sexa a domiciliación bancaria dos recibos.

En ausencia destes requisitos, ou cando deixen de producirse, a facturación realizarase ó propietario, na súa condición de substituto do contribuínte. En particular, nos supostos de impago en período voluntario polo contribuínte, a administración tributaria poderá proceder á modificación do padrón correspondente, excluíndo ó contribuínte do padrón, no que só figurará o substituto do contribuínte con efectos da data da modificación.

9. Nos supostos previstos no artigo 3.3 da presente Ordenanza, a xestión da taxa de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos rexerese polas normas de xestión da taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, aprobándose un único padrón para ámbalas dúas taxas.

10. Para todos os efectos, entenderase como domicilio de cobro de cada recibo o domicilio fiscal do contribuínte ou do seu substituto, conforme coa lexislación tributaria vixente.

11. No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerese polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

Título II: Da taxa pola prestación do servizo intermunicipal de puntos limpos

Artigo 7.- Feito impoñible.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

Constitúe o feito impoñible da taxa pola prestación do servizo intermunicipal de puntos limpos a recepción neste tipo de instalacións dos residuos sólidos urbanos que deban ser entregados ou depositados nelas, así como recollida a domicilio deste tipo de residuos, nos casos e condicións en que Ordenanza reguladora do servizo estableza a posibilidade desta prestación.

Artigo 8.- Bonificacións.-

Establécese unha bonificación do 100 % das tarifas xerais da taxa as persoas físicas que figuren no padrón de habitantes dos concellos nos que é de aplicación a presente Ordenanza, e as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que figuren como suxeitos pasivos na taxa pola prestación do servizo intermunicipal de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos regulada no Título I.

Esta bonificación aplicarase de modo automático coa identificación da persoa que entrega os residuos ou solicita a súa recollida e a comprobación por parte da oficina de xestión de que se atopa incluída en calquera dos supostos que da dereito á bonificación. Para a súa efectividade os beneficiarios deberán identificarse na oficina ou lugar de entrega dos residuos. No caso de persoas xurídicas e entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, os beneficiarios deberán comunicar á administración tributaria a designación das persoas autorizadas para efectua-la entrega ou solicita-la recollida dos residuos, achegando documento acreditativo da súa vinculación co beneficiario. Corresponderá a estas persoas a obriga de identificación no momento de entrega ou solicitude de recollida dos residuos.

Artigo 9.- Devindicación.-

A taxa pola prestación do servizo intermunicipal de puntos limpos devindícase no momento da entrega ou solicitude de recollida dos residuos de que se trate.

Artigo 10.- Cota.-

A cota tributaria consistirá na aplicación dunha tarifa por entrega de residuos, establecida en función da tipoloxía e peso dos residuos entregados. A contía desta tarifa recóllese, para cada tipo de residuo, no anexo II da presente Ordenanza.

Artigo 11.- Normas de xestión.-

O pagamento da taxa será requisito previo para a entrega dos residuos nos puntos limpos. A tal efecto, a taxa esixirase en réxime de autoliquidación, que será realizada polo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

interesado coa asistencia do persoal encargado da recepción dos residuos. Realizado o pagamento, expedirase e entregárase ó interesado un recibo acreditativo do pagamento.

O pagamento poderá realizarse en efectivo, mediante domiciliación bancaria ou mediante calquera outro medio autorizado pola administración tributaria, sempre que nos puntos de entrega existan os medios materiais para a súa realización.

Título III. Réxime sancionador

Artigo 12. Infraccións e sancións.-

En materia de infraccións e sancións relacionadas coas taxas reguladas na presente Ordenanza fiscal, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable ó efecto.

Disposición adicional

1. Con efectos do 1 de xaneiro de 2016, modifícase a denominación e o artigo 1 da Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos dos concellos da Peroxa, Amoeiro e Vilamarín (BOP nº 295 de 26 de decembro de 2009), do seguinte xeito:

A Ordenanza pasa a denominarse Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos do concello de Amoeiro.

O artigo 1 queda redactado do seguinte xeito:

Constitúe o obxecto desta Ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas correspondentes ó servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos no concello de Amoeiro.

2. Con efectos do 1 de xaneiro de 2015, modifícanse as ordenanzas fiscais que se indican a continuación, do xeito que se expresa en cada caso:

a) A Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos dos concellos de Manzaneda, A Pobra de Trives e San Xoán de Río (BOP nº 295 de 26 de decembro de 2009) pasa a denominarse Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos dos concellos de Manzaneda e A Pobra de Trives. O seu artigo 1 pasa a ter a seguinte redacción:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

Constitúe o obxecto desta Ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas correspondentes ó servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos nos concellos de Manzaneda e A Pobra de Trives.

b) A Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos dos Concellos de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Sandiás, Sarreaus e Trasmiras (BOP nº 291 de 26 de decembro de 2011) pasa a denominarse Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos dos Concellos de Os Blancos, Calvos de Randín e Trasmiras, quedando redactado o seu artigo 1 do xeito seguinte:

Constitúe o obxecto desta Ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas correspondentes ó servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos nos concellos de Os Blancos, Calvos de Randín e Trasmiras.

Disposición derogatoria.

Coa entrada en vigor da presente ordenanza fiscal, quedarán derogadas as seguintes ordenanzas fiscais:

- Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos do concello de Pereiro de Aguiar (BOP nº 295 de 26 de decembro de 2009).

- Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos dos concellos de Beariz, Boborás, San Amaro, San Cristovo de Cea e O Irixo (BOP nº 295 de 26 de decembro de 2009).

- Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos dos concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños (BOP n.º 295 de 26 de decembro de 2009).

- A Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos dos concellos de Larouco, Petín e Vilamartín de Valdeorras (BOP nº 295 de 26 de decembro de 2009).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014

Igualmente, quedará derogada calquera disposición de igual ou inferior rango que contradiga, se opoña ou resulte incompatible co disposto na presente ordenanza fiscal.

Disposición derradeira.-

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2015, agás nos municipios de A Peroxa e Vilamarín, nos que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

ANEXO I

<u>TARIFAS XERAIS DE VIVENDAS</u>	
EPÍGRAFES	TARIFA ANUAL
<i>Vivendas</i>	
Vivendas RURAIS (1-3 veces/semana)	58,00 €
Vivendas URBANAS (4-6 veces/semana)	72,50 €

EPÍGRAFES	TARIFA ANUAL
Hoteis, hostais, pensións, casas de hospedes, por cada 5 habitacións ou fracción	58,00 €
Cámpings, por cada tres parcelas de tenda o roulotte (carabana ou autocarabana), ou bungaló	58,00 €
<i>Restaurantes e similares</i>	
Restaurantes ata 100 m ²	174,00 €
Restaurantes de 100- 350 m ²	290,00 €
Restaurantes de mais de 350 m ²	580,00 €
<i>Bares, cafeterías e similares</i>	
Bares, cafeterías e similares	174,00 €
Peñas culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	58,00 €
Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música	
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	580,00 €
Pubs e bares con música e similares	290,00 €
Bingos	174,00 €
<i>Negocios de alimentación</i>	
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m ²	174,00 €
Supermercados e aautoservizos de alimentación de 100 a 350 m ²	406,00 €
Hipermercados e autoservizos de alimentación de más de 350 m ²	870,00 €
Carnicerías e pescaderías	174,00 €
Fruterías	232,00 €
Confeiterías, panaderías (hornos e despachos de pan)	174,00 €
<i>Negocios de</i>	
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de 0-100 m ²	174,00 €
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de 100-350 m ²	348,00 €
Venda ó por menor e detalle de productos non perecedeiros de más de 350 m ²	580,00 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 0-200 m ²	174,00 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 200-450 m ²	348,00 €
Almacenes, depósitos e venta al por maior de más de 450 m ²	580,00 €
<i>Servizos</i>	
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización	464,00 €
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción	116,00 €
Centros de atención psiquiátrica con talleres e instalacións de actividades complementarias	4.930,00 €
Centros penitenciarios, por cada interno	87,00 €
Cemiterios e Igrexas e templos con cemiterios	87,00 €
Cines e teatros	116,00 €
Bancos e caixas de aforros	290,00 €
Academias privadas	174,00 €
Centros docentes sen servizo de comedor	290,00 €
Centros docentes con servizo de comedor	580,00 €
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)	58,00 €
Residencias de anciáns e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)	87,00 €
Centros de día, de ata 500 m ² totais	232,00 €
Centros de día de 500 ou máis m ²	406,00 €
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)	174,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

TARIFAS ESPECIAIS	
EPÍGRAFES	TARIFA ANUAL
<i>Oficinas, despachos e servizos profesionais</i>	
En locais de 0-100 m ²	58,00 €
En locais de 100-200 m ²	174,00 €
En locais de 200-300 m ²	290,00 €
En locais de máis de 350 m ²	406,00 €
<i>Estacions de servizo</i>	
Gasolíneira sen tenda comercial	174,00 €
Gasolíneira con tenda comercial	232,00 €
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 plazas ou fracción	58,00 €
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m ²	174,00 €
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m ²	290,00 €
Talleres mecánicos e chapisterías de máis de 200 m ²	406,00 €

EPÍGRAFES		TARIFA ANUAL
<i>Pequenos núcleos rurais</i>		
Tascas e pequenos negocios de venda ó por menor en núcleos de menos de 200 habitantes		58,00 €
<i>Fábricas, industrias e outras actividades non incluídas anteriormente, ou incluídas pero con produción de lixo que excede a relación de equivalencia, ou sitas en solo urbano industrial: por instalación de cada contenedor de uso exclusivo, ó ano</i>		
Sen materia orgánica	1er contenedor (800 l)	232,00 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	116,00 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	174,00 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	290,00 €
Con materia orgánica	1er contenedor (800 l)	580,00 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	290,00 €
	2ª contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	464,00 €
	2ª contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	580,00 €

ANEXO II

Prazos de entrega en puntos limpos:

- Colchóns: 6 €/ud.
- Voluminosos. 0,22 €/kg
- RAEEs sen clasificar non reciclables: 0,22 €/kg.

ANEXO III

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

TARIFAS XERAIS DE VIVENDAS	
EPÍGRAFES	ABONADO EQUIVALENTE
<i>Vivendas</i>	
Vivendas RURAIS (1-3 veces/semana)	1
Vivendas URBANAS (1-6 veces/semana)	1,25
EPÍGRAFES	ABONADO EQUIVALENTE
Hoteis, hostais, pensións, casas de hóspedes, por cada 5 habitacións ou fracción	1
Cámpings, por cada tres parcelas de tenda o roulotte (carabana ou autocarabana), ou bungaló	1
<i>Restaurantes e similares</i>	
Restaurantes ata 100 m ²	3
Restaurantes de 100- 350 m ²	5
Restaurantes de máis de 350 m ²	10
<i>Bares, cafeterías e similares</i>	
Bares, cafeterías e similares	3
Peñas culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	1
<i>Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música</i>	
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	10
Pubs e bares con música e similares	5
Bingos	3
<i>Negocios de alimentación</i>	
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m ²	3
Supermercados e aoutoservizos de alimentación de 100 a 350 m ²	7
Hipermercados e autoservizos de alimentación de máis de 350 m ²	15
Carnicerías e pescaderías	3
Fruterías	4
Confeiterías, panaderías (fornos e despachos de pan)	3
<i>Negocios de</i>	
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedeiros de 0-100 m ²	3
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedeiros de 100-350 m ²	6
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedeiros de máis de 350 m ²	10
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 0-200 m ²	3
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 200-450 m ²	6
Almacenes, depósitos e venta al por maior de máis de 450 m ²	10
<i>Servizos</i>	
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización	8
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción	2
Centros de atención psiquiátrica con talleres e instalacións de actividades complementarias	85
Centros penitenciarios, por cada interno	1,5
Cemiterios e Igrexas e templos con cemiterios	1,5
Cines e teatros	2
Bancos e caixas de aforros	5
Academias privadas	3
Centros docentes sen servizo de comedor	5
Centros docentes con servizo de comedor	10
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)	1
Residencias de anciáns e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)	1,5
Centros de día, de ata 500 m ² totais	4
Centros de día de 500 ou máis m ²	7
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)	3
<i>Oficinas, despachos e servizos profesionais</i>	
En locais de 0-100 m ²	1
En locais de 100-200 m ²	3
En locais de 200-300 m ²	5
En locais de máis de 350 m ²	7
<i>Estacions de servizo</i>	
Gasolineira sen tenda comercial	3
Gasolineira con tenda comercial	4
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción	1
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m ²	3
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m ²	5
Talleres mecánicos e chapisterías de máis de 200 m ²	7

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

EPÍGRAFES		ABONADO EQUIVALENTE
<i>Pequenos núcleos rurais</i>		
Tascas e pequenos negocios de venda ó por menor en núcleos de menos de 200 habitantes		1
<i>Fábricas, industrias e outras actividades non incluídas anteriormente, ou incluídas pero con produción de lixo que excede a relación de equivalencia, ou sitas en solo urbano industrial: por instalación de cada contenedor de uso exclusivo, ó ano</i>		
Sen materia orgánica	1er contenedor (800 l)	4
	2º contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	2
	2º contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	3
	2º contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	5
Con materia orgánica	1er contenedor (800 l)	10
	2º contenedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	5
	2º contenedor e sucesivos, por cada un de 800 l	8
	2º contenedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	10

2º) Someter a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Corporación Provincial e nun diario dos de maior difusión da provincia, o acordo inicialmente aprobado polo prazo de 30 días hábiles.

Durante o dito prazo os interesados poden formular reclamacións e alegacións á Ordenanza fiscal inicialmente aprobada as cales serán obxecto de resolución expresa por parte do Pleno. No caso de que non se presente reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de acordo plenario.

8º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE MAIO DE 2014 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 2º DE FEBREIRO E 1º DE ABRIL DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de maio de 2014, e dos seguintes adicionais: 2º de febreiro e 1º de abril de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

9º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE MAIO DE 2014 E DO 1º ADICIONAL DE ABRIL DE 2014.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de maio de 2014 e do 1º adicional de abril de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

10º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que hai cinco documentos que se debaterán por orde de presentación e tras a declaración previa por unanimidade da urxencia dos asuntos, tratáronse as seguintes mocións:

10ª.- MOCIÓN GRUPO SOCIALISTA PARA ESIXIR A DEFENSA DO CASTELO DE MONTERREI COMO BEN DE INTERESE E USO PÚBLICO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Lama Fernández para que expoña o contido da moción.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que esta moción ven a colación polos últimos acontecementos que se están a desenvolver na comarca do val de Monterrei, que traen de cabeza a veciños e veciñas desa comarca, como non pode ser menos, toda vez que despois de asistir ao peche temporal do parador de turismo de Monterrei, e polo tanto á temporalidade dos empregos que sostíña, poden observar con asombro como o Goberno do Sr. Feijóo pretende agora pagar con cartos públicos o que pretenden que sexa un hotel de luxo, con 12 habitacións, e que impedirá o acceso a unha zona que ata o de agora era pública. O Castelo e Monterrei e a súa fortaleza foron obxecto de transferencia á Xunta de Galicia no ano 2009, despois dun proceso de reclamación de competencias levado adiante polo goberno do Sr. Pérez Touriño diante do goberno do Sr. Zapatero. O RD 448/2009 en virtude do cal se asina a transferencia, establece que “o Castelo e a fortaleza de Monterrei son bens de titularidade pública afectos a un uso público”. Neste senso, o goberno da Xunta nos anos 2005-2009, tiña redactado un Plan Director de rehabilitación e mellora do conxunto arquitectónico que contemplaba un uso eminentemente turístico (establecemento da sede da DO Monterrei, creación do museo da imprenta, museo da moda, etcétera). A chegada ao goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular, desbotou calquera idea de levar adiante un proxecto de mellora e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

rehabilitación integral do Castelo de Monterrei, a pesar de que en diferentes comparecencias parlamentarias o goberno anunciase un Plan Director para o recinto fortificado. Recentemente, o goberno da Xunta de Galicia, a través do seu Presidente, rexeitaba a execución dun Plan Director e anunciaba a transformación do Castelo nun hotel singular de 12 habitacións. Contrariamente o interese amosado pola sociedade verinense e por diversos colectivos culturais e asociativos, así como polo PSdeG; o Partido Popular de Verín e comarca, amosan a súa satisfacción coa execución do devandito hotel. Pero estes mesmos gobernos municipais do PP son incapaces de propoñer alternativas tendentes a evitar o peche do Parador de Turismo de Monterrei. En xuño de 2013, a Axencia Galega de Turismo licita obras de rehabilitación, por importe de 1,7 millóns de euros. Obras que nada teñen que ver co inicialmente previsto e que ademais se están levando a cabo polas empresas adxudicatarias con menoscabo, estrago e prexuízo do patrimonio existente. A meirande parte dos veciños e veciñas da Comarca de Monterrei e do resto da provincia de Ourense pensamos que o fin último é converter o complexo nun hotel de luxo. Isto impediríalles aos veciños e visitantes gozar por completo dunha das fortalezas mellor conservadas de Galicia, limitaría o acceso a unha parte importante do conxunto e finalmente, como adoita a facer o goberno de Feijoo, pasaría a mans privadas. Tendo en conta que a fortaleza de Monterrei e o seu conxunto é un Ben de Interese Cultural e por todo o demais exposto, o Grupo Provincial Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo: esixirlle á Xunta de Galicia para que proceda de inmediato a paralizar as obras que se están executar no Castelo de Monterrei; reclamar da Xunta de Galicia a intervención da Dirección Xeral de Patrimonio co obxecto de verificar os danos causados no patrimonio público, esixir a inmediata reposición e incoar os expedientes sancionadores que correspondan; esixirlle á Xunta de Galicia que desista na súa pretensión de converter en hotel unha parte do Castelo de Monterrei; instar á Xunta de Galicia a executar un Plan Director de rehabilitación integral do Castelo de Monterrei e a súa fortaleza que sirva para promover turística e economicamente a Comarca, poñendo en valor os usos culturais, divulgativos e promocionais do Castelo dende un punto de vista histórico e etnográfico; declarar que a Deputación Provincial de Ourense está totalmente en contra do proxecto para converter o Castelo e fortaleza de Verín nun hotel de xestión privada.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que xa hai varios meses, miles de persoas da Comarca de Monterrei saían a rúa en Verín para dicir non á operación especulativa organizada entre o goberno do Estado e o da Xunta para a construción dun hotel de luxo no Castelo de Monterrei. Os veciños e veciñas a título individual, así como numerosas organizacións de todo tipo din non ao hotel por dúas razóns fundamentais: primeiro para que non se perda o uso público e segundo para que non se cometa unha ilegalidade, porque o patrimonio público galego podería acabar perdendo este ben patrimonial, ao non se cumprir as condicións polas que foi cedido, e que responden ao uso que os veciños e veciñas da comarca quixeron que tivera (lembra que o Plan Director aprobado reunía as demandas que se pedían). Resulta evidente que na cidadanía da Comarca de Monterrei hai unha enorme preocupación en relación con cal vai ser o futuro da acrópole do Castelo de Monterrei, elemento dun enorme valor patrimonial e cultural, BIC, cedido á Xunta de Galiza en 2010, froito dunha negociación efectuada anos antes grazas as xestións feitas pola Vicepresidencia da Xunta do malogrado goberno bipartito, nunhas determinadas condicións, que non se manteñen porque xa non existe ese Plan Director. Esas condicións eran que se manteña o seu uso público, que se manteña o seu uso social, que se manteña como ben cultural e patrimonial e que se manteña como elemento de dinamización cultural, etnográfica e económica da comarca. Interpelada a directora da Axencia de Turismo polo BNG, confirmou o peor dos temores: que o castelo e acrópole se estaba a rehabilitar con cartos públicos e que se facía coa finalidade de dedicalo a uso hostaleiro que o ía explotar a empresa pública Paradores de Turismo, pero tal como indica o informe CORA esta empresa publica non cumpre ningún dos requisitos esixibles para continuar sendo pública, polo que a non moito tardar asistiremos a súa privatización. A transformación do Castelo de Monterrei en hotel de luxo, proposta pola Xunta de Galiza, e sen dúbida ningunha o paradigma do mal uso dos fondos europeos. Malgastar os fondos europeos na rehabilitación do Castelo de Monterrei para convertelo nun hotel de luxo, vai en contra do sentido común e non é desde logo o que precisa a comarca. E o BNG pide que se paralizen de inmediato as obras para a súa reorientación, que se escoite á cidadanía, porque por moito que se nos diga que Paradores é unha empresa pública, a cidadanía sabe que no momento que se constrúa o hotel o uso público deixa de selo. Na provincia xa temos experiencias abondo doutros casos onde se perdeu o uso público, como aconteceu co Mosteiro de San Estevo. É imposible darlle futuro a unha comarca como a de Monterrei se se tiran polo sumidoiro 2,1 millóns de euros, o 80% financiados con

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

cargo ao Fondo de Desenvolvemento Rexional, no canto de usalos para apoiar e revitalizar os nosos sectores produtivos. Lembra que a tan só 500 metros do Castelo que Feijóo quere converter en hotel de luxo hai un Parador que hai poucos meses o Goberno de Rajoy quería pechar por non ter clientela.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Lama Fernández, desde o respecto máximo á discrepancia e a outras maneiras de ver as cousas, adiántalle que van votar en contra polas razóns que dirá. Parece que os tres grupos coinciden en que a rehabilitación do Castelo de Monterrei permitirá poñer en valor un dos bens culturais máis importantes de Galicia e, desde o turismo, xerar emprego e riqueza na comarca. O proxecto de rehabilitación para o conxunto arquitectónico ten como obxectivo prioritario a revitalización deste para usos culturais e turísticos, garantindo (que quede claro) o seu uso público. A Xunta ven de renovar o seu compromiso cunha das nosas riquezas culturais máis importantes, abríndoo en parte ao uso como parador de turismo, pero blindando tres prioridades: que siga sendo público na súa totalidade e aberto a todos os cidadáns, que se manteñan os usos culturais e que se protexan o 100% dos postos de traballo actuais. Nova situación do parador no Castelo permitirá que Verín-Monterrei conte por vez primeira cun establecemento de referencia internacional de 4 estrelas e aberto os 365 días do ano. Todo o conxunto será visitable, salvo exclusivamente o espazo concreto dedicado a dependencias destinadas a habitacións para os hóspedes do parador. Tanto o resto das estancias que conforman o parador, como o resto do conxunto histórico, o 83% da superficie e a totalidade dos espazos exteriores, poderán ser visitados por todos os cidadáns como corresponde á súa condición de Ben de Interese Cultural e público. Reitera que a rehabilitación do conxunto ten como obxectivo prioritario a revitalización desta para usos culturais e turísticos, sen que deixe de ser público. Froito da colaboración co Estado e con Paradores, o recinto albergará un parador de turismo de primeiro nivel engadindo así á conservación, a posta en valor do monumento que contribuirá á súa sostibilidade e conservación así como á dinamización económica e social a comarca. A propia experiencia de aloxarse nun conxunto histórico conforma u recurso turístico propiamente dito e convértese nun reclamo en si mesmo como así o demostran os máis de 16 castelos que albergan Paradores Nacionais de toda España, así como as numerosas experiencias internacionais en países como Francia, Irlanda ou Escocia. Os recursos investidos poñerán en valor o investimento ao tempo que se manterá o seu uso como Ben de Interese Cultural e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

público, incrementárase a riqueza turística da comarca e atraeranse a máis visitantes de novos segmentos de público. Respéctase ao máximo o carácter dos edificios orixinais, de aí que tanto o procedemento como as propias obras que se están a realizar na Fortaleza de Monterrei dan cumprimento aos requisitos esixidos na lexislación vixente e están baixo a supervisión de Patrimonio que realiza as inspeccións necesarias. Perséguese acadar o maior grao de accesibilidade, de modo que as intervencións se basean na implantación de novos usos na arquitectura existente, na funcionalidade, na mellora da accesibilidade, no acondicionamento das instalacións e na ornamentación do espazo exterior. E por suposto, o respecto pola súa condición de Ben de Interese Cultural e máximo como tamén o é pola súa riqueza patrimonial e a súa condición de visitable por calquera cidadán. Ninguén dubida de que o parador de turismo contribuirá á configuración dunha oferta turística de calidade na zona, diferencial e permanente. Unha vez máis di que a riqueza patrimonial do conxunto poderá ser apreciada en todo momento polos visitantes, dado que se manterá a súa condición de visitable e público. Polo seu estado e pola súa importancia histórica, a fortaleza precisaba dun marco de intervención que garantira a súa conservación, fomentando os seus valores culturais e que previra uns usos que defendan a súa sostibilidade futura. Por todo isto non poden apoiar os acordos propostos na moción.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que despois de escoitar ao Sr. Álvarez Dobaño parece ser que isto é a marabilla das marabillas e non vale nada que a xente estea na rúa levando a cabo distintas iniciativas, que mesmo asistiron á Xunta de Galicia a unha pregunta oral en Pleno, que respondeu o Sr. Rueda, pero despois de ler e revisar polo miúdo toda a documentación (colgada na web do Concello de Monterrei) relativa ás obras de rehabilitación e adecuación da fortaleza de Monterrei, tal como se denominou a actuación promovida pola Axencia de Turismo de Galicia en febreiro de 2013, cun orzamento de 2.100.000 € pasamos ao día 7 de maio de 2014 á concesión de licenza urbanística para realizar obras na fortaleza de Monterrei consistentes na rehabilitación da fortaleza para o seu acondicionamento como parador. Cambiase completamente o título da obra e todos saben que iso non se pode facer sen trámites previos (que están sen facer). Isto é o que temos enriba da mesa, polo medio, actuacións negligentes, e múltiples enganos á poboación, que asisten ao intento por parte da Xunta de privatizar un espazo que en un Ben de Interese cultural (por certo, cedido á Xunta por parte do Estado no ano 2009 e onde están comprometidos Fondos FEDER, que non poden ser destinados a uso privado, iso en teoría, na practica xa vemos que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

todo pode mudar). O resultado son desfeitas no patrimonio do conxunto histórico, ademais de constatacións, por parte dos técnicos (incluído un arqueólogo) do propio Concello de Monterrei de que se está afectando gravemente todo o conxunto. O informe di *que as obras iniciadas no BIC se axustan á licenza concedida ao 14 de agosto de 2013, non obstante habería que instar á Consellería de Cultura a un maior control no contorno do BIC, para que non se sigan producindo deterioros e solicitarlle á Axencia de Turismo de Galicia que estes sexan reparados. Recoméndase tamén a redución de vehículos pesados, para evitar no máximo posible os danos nas paredes, no contorno, no conxunto, na calzada e para que as vibracións non afecten ás vivendas en perigo de derrube.* Isto é o que está ocorrendo ao día de hoxe no Castelo de Monterrei. Para rematar esa declaración de uso como parador con 12 habitacións, 7 no pazo dos Condes e 5 na Reitoral., que en definitiva restrinxe o uso do recinto ao público en xeral e aos veciños da comarca do val de Monterrei en particular. Isto é en definitiva o que demanda a sociedade e todos os colectivos reunidos na Plataforma en defensa do Castelo de Monterrei, así como os distintos partidos políticos nos concellos, nesta Deputación e no Parlamento de Galicia. Unhas actuacións amplamente contestadas con diversas iniciativas dos veciños que están dispostos a sentarse co goberno para decidir o máis beneficioso, pero que se atopan con falta de respostas coherentes e con bastante escurantismo, toda vez que o pasado día 11 de xuño no pleno do Parlamento a resposta do señor Rueda foi*Que todo se está facendo ben, que son moi responsables pero a realidade é outra.* A xoia arquitectónica da comarca de Monterrei que debería ser o buque insignia, o referente de actos promocionais e turísticos, de desenvolvemento do toda a comarca o escaparate no que recrear todas as potencialidades culturais sociolóxicas e económicas, non pode ser convertido nun hoteliño de 12 habitación de luxo para quen as poida pagar. Para iso non se fixo a cesión, tal e como consta no Decreto 448/2009, que di: *la administración del Estado cede a título gratuito a favor de la Comunidad Autónoma de Galicia el Castillo y recinto amurallado de Monterrei para centro de divulgación innovación y promoción de la moda el vino y las aguas medicinales de la comarca, restauración y musealización de los edificios y archivo de las tradiciones de la frontera y pueblos próximos.* Iso é o que di o documento de cesión que está publicado no DOG. Os membros da Plataforma reunidos coa voceira do Partido Popular dos asuntos de turismo e comercio trataron este tema e non tiveron resposta ás súas demandas, como son: no tema da cesión por parte do Estado preguntaron cómo se atopan os trámites nese cambio de uso para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

poder executar as obras do hotel, e aínda non responderon en que momento estamos nese trámites nin deron os datos obxectivos que teñen enriba da mesa para solicitar ese cambio (estudo de viabilidade, datos económicos, etcétera). Con respecto aos fondos FEDER, non se aclara se se van a utilizar no Castelo ou se van desviar para outras obras xa que eses fondos viñan (segundo a Sra. Nava Castro) destinados para un proxecto de rehabilitación e non de hotelización do conxunto. Des Grupo Provincial Socialista piden que non fagan seguidismo político do seu partido e que defendan os intereses lexítimos dos veciños e veciñas do val de Monterrei que tan só reivindicán o uso público do Castelo e da fortaleza, a súa non conversión en Parador de Turismo, que para iso teñen un a 500 m (por certo, pechado a maior parte do ano) e que sexan escoitadas a súas demandas. Por último, piden que a Deputación Provincial de Ourense declare que está totalmente en contra do proxecto para converter o Castelo e fortaleza nun hotel de xestión privada. Dille ao Sr. presidente que esa sería unha verdadeira declaración de ourensania, e non outras que aparecen nos medios de comunicación.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, pregúntase se o Sr. Álvarez Dobaño cre todo o que dixo ou tivo que facer un dogma de fe antes de dicilo. Tamén se pregunta se todos eses centos de persoas que saen á rúa están equivocadas igual que se equivocan os grupos da oposición. O BNG ten unha proposta clara, que vai en sintonía co acordo tomado no seu día no Plan Director e co que piden os veciños e veciñas da comarca: que sexa un centro público de promoción económica e cultural. Que non se dean mil voltas para privatizalo e logo se converta nun fiasco como o é Paradores neste Estado, e nomeadamente na provincia. O Bloque vai estar na loita da Plataforma Cidadá en defensa do Castelo de Monterrei, porque consideran que as súas reivindicacións son xustas e así lles gustaría que se entendese tamén nesta casa (algo que non vai ser así, por desgraza). Como grupo, xa que non se vai facer como institución, pídennlle ao goberno de Feijóo que rexeite a construción dun hotel para ricos no Castelo de Monterrei. Pregúntalle ao portavoz do Grupo Popular se pensa realmente que os usuarios dun hotel de luxo se van baixar a andar coas humanas xentes polas rúas de Verín, entrar no comercio de proximidade e comprar uns doces para levarllos ás súas familias, a resposta é non, seguro que si irán comer o bacallau a Portugal. Pide que se sexa consciente do que se fala, xa que se trata dun tipo de turismo que non vai deixar ingresos. Aquí pasa o mesmo que coas famosas estacións, arranxamos estacións ferroviarias pensando nunha forma de dinamización turística cando a infraestrutura turística da zona no existe, polo que isto é investir nun burato negro. Neste

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

momento vivimos unha situación de emerxencia social, con cifras de paro dramáticas, con 300.000 galegos e galegas que non encontran un emprego por máis que buscan, unha emigración masiva con 100.000 mozos e mozas que colleron as maletas para saír fóra, 600.000 persoas en risco de exclusión social, privatización de servizos públicos básicos coma a sanidade e non se poden malgastar os cartos públicos ignorando as demandas dos veciños e veciñas neste caso concreto, que non son outras que transformar o castelo nun centro de usos públicos, de promoción cultural e de promoción económica, como a difusión do sector vitivinícola desta comarca. Por certo, unha comarca que ten unha denominación de orixe Monterrei, con viños de calidade, que teñen o carácter da terra rexa desta comarca, cultivados e elaborados por xente que aposta por facer un produto de referencia que poidamos consumir aquí e exportalo a todo mundo. Pregúntase se eses ricos que van ir a esas 12 habitacións van beber viño de Monterrei, posiblemente non. O Grupo Popular pode votar o que queira, pero o Sr. Álvarez Dobaño fixo un dogma de fe e non cre o que leu, como tampouco cren moitas das cousas que votan todos os que forman o grupo, pero supón que esa será a ourensanía que tanto defenden.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que dogma de fe, ou fe, tense no que non se entende, pero el cre o que entende. Reitera de novo, desde o respecto máximo á discrepancia, que lles permitan ter o seu criterio. Non vai entrar nas consideracións da Sra. Lama, porque dá a entender que o mundo mundial está en contra do que se está a facer e ao mellor é que non ten os datos máis axeitados. En todo caso, a postura do Grupo Popular é clara e concreta. As obras do Castelo de Monterrei cumpren estritamente o proxecto presentado e en todo momento contan cos pertinentes permisos. No caso de que na obra se produza algún tipo de deterioro, a empresa é responsable de repoñelo e mantelo no seu perfecto estado orixinal, sempre baixo a supervisión da Comisión de Patrimonio. A propia comisión ten recoñecido o traballo que se leva a cabo desde Turismo de Galicia para a recuperación de bens de interese cultural e para dotalos de uso (non cuestionemos o traballo da comisión cando interesa e o aplaudamos cando interesa). Compre lembrar que as obras que se están a desenvolver dentro da fortaleza seguen estritamente o proxecto para a rehabilitación e adecuación da fortaleza de Monterrei, primeira fase, que obtivo licenza do Concello de Monterrei o 14 de agosto de 2013. As obras están executándose correctamente segundo o previsto e sen ter orixinado ningún dano patrimonial dentro do perímetro da obra. Sobre os deterioros aos que alude a denuncia presentada pola Asociación Cultural Alto Támea, sinalar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

que estes están fóra do perímetro da obra e que nada teñen que ver coas obras que alí se están a desenvolver. Ademais das inspeccións pertinentes, tanto a Comisión de Técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o pasado 23 de abril, como a Comisión Municipal do Concello de Monterrei, o pasado 9 de abril, inspeccionaron as obras para comprobar o seu correcto desenvolvemento. En resumo, o Grupo Popular ten claro que a fortaleza de Monterrei precisaba dun marco de intervención que garantise a súa conservación, fomentando os seus valores culturais e que previra uns usos que defendan a súa sostibilidade futura. Por iso se puxo en marcha un proxecto para que, preservando que o conxunto sexa público, visitable e ao que se lle dea un uso cultural, albergue usos turísticos que axuden ao seu mantemento como referente da cultura e da historia galega. A rehabilitación cumpre estritamente todos os requisitos da primeira fase de rehabilitación e adecuación da fortaleza. A rehabilitación acométese con fondos da Xunta de Galicia, que licitou as obras. As obras non se financian con fondos europeos dado que, malia que así saíu publicado no DOG, se realizou un cambio de elixibilidade dos fondos a través dun procedemento administrativo, senón que se financian con fondos propios libres e máis fondos de compensación territorial. Para finalizar di que as obras do Castelo de Monterrei poden ser visitadas por todas aquelas persoal que estean interesadas, así como por parte dos medios de comunicación para informar da súa evolución, sempre e cando se cubra un formulario previamente e se fagan no horario preestablecido e dotados das necesarias medidas de seguridade.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dille ao Sr. Álvarez Dobaño, desde a discrepancia e desde o respecto, que o que acaba de ler sobre a inspección realizada polos técnicos e arqueólogos o pasado 7 de febreiro de 2014 constata outra cousa. Aínda que os danos sexan nas murallas e nas paredes de acceso á fortaleza, iso forma parte do conxunto da fortaleza de Monterrei. Hai un estudo detallado (incluso con fotografías) do que se leva feito e amplamente documentado, e efectivamente as obras contan con permisos, pero condicionados a unha serie de características que pon a Dirección Xeral de Patrimonio e a Comisión do Camiño de Santiago, que tamén intervén emitindo un informe non vinculante. Á parte de todo isto, o Grupo Socialista non dubida de que todos os deterioros que se causen nas obras correrán a cargo da empresa que está a facer as obras, pero o que está enriba da mesa e o destino, o fin último da rehabilitación dese BIC. O Partido Popular cambio o uso dese fin último do BIC, posto que en 2013, cando se solicitou licenza para rehabilitar o Castelo, a rehabilitación sen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

máis. Agora, este ano 2014, cambian a denominación e vai ser para a rehabilitación do conxunto para destinalo a parador nacional de turismo. Pregúntase para que se queren dous paradores nacionais de turismo en 500 metros. Tamén se pregunta qué pretende facer a Xunta de Galicia co que está parcialmente pechado parte do ano. É verdade que hai que investir nos BIC e o Castelo de Monterrei é o buque insignia desa comarca e gustaríalles que fose 100% público, pero desde o momento que se van facer 12 habitacións e, posiblemente, un spa, xardíns, instalación de aire acondicionado, chemineas, e non sabe cantas cousas máis que se recollen no proxecto complementario, indubidablemente o acceso a esas zonas vai estar restrinxido as 24 horas do día. Non se pode dicir que vai ser un ben público, porque xa o propio vicepresidente Rueda dixo que un 83% ía ser público e o resto non. Xa se verá se vai ser ese 83% ou non, porque se por exemplo sa vai celebrar unha voda ao mellor xa non é todo o recinto público. O Grupo Socialista pedía que se votase a favor da non declaración do Castelo de Monterrei como parador de turismo, non entenden (igual que non o entenden os veciños da comarca) porque teñen que ter dous paradores, e, en definitiva, o grupo de goberno está a darlle un plantón á cidadanía de Verín. Algún día lles terán que explicar aos veciños e alcaldes da comarca por qué votan en contra do que lexitimamente reclaman os veciños na rúa.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista e ao obter o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

10ºB.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A IMPLEMENTACIÓN DUN PLAN DE APOIO Á ALIMENTACIÓN INFANTIL.-

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Morenza Doforno para que expoña o contido da moción.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, dá lectura á moción, co seguinte contido: *A longa crise económica que vimos padecendo, xunto cunha política por parte do Goberno de Rajoy, chea de recortes sociais e desmantelamento dos servizos públicos básicos e dereitos conquistados nos últimos anos, está a provocar o aumento dramático da pobreza no noso país. Así o reflicte a Enquisa de Condicións de Vida correspondente a 2013 que publica o Instituto Nacional de Estatística, que indica que un de cada tres cidadáns (o 27,3%) está en risco de pobreza ou exclusión social. As cifras de privación material severa, de baixa intensidade de emprego nos fogares e de pobreza relativa, tamén empeoraron. Pero o máis*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

grave destes datos é que o risco de pobreza afecta sobre todo aos nenos e ás nenas. Un recente informe da organización Save The Children cifraba en case tres millóns as nenas e nenos en situación de pobreza. Dende o Observatorio Social de España sinalan que o noso país encabeza a lista entre os que máis aumentou a pobreza infantil nos últimos anos. Os efectos da pobreza infantil son altamente prexudiciais e relaciónanse con problemas de saúde na idade adulta. O impacto da mala nutrición ou a falla de estímulos educativos en idades temperás pode ter consecuencias de difícil e custoso arranxo, comprometendo non só o futuro deses nenos e nenas, senón o de todos, diminuindo a capacidade económica e produtiva do país. Aínda que existe unha estreita relación entre a situación de pobreza dos nenos e o desemprego dos seus pais ou a perda de renda destes, as políticas públicas ben orientadas poden facer moito pola infancia para contrarrestar os efectos das devanditas situacións de pobreza. Como destaca o último informe de UNICEF sobre benestar infantil en países ricos, a experiencia acumulada e constatada di que aqueles países que en situacións de crise fixeron maior esforzo en medidas de apoio á infancia saíron máis reforzados das mesmas. A pobreza infantil fíxose máis intensa, aumentando a distancia entre as rendas dos pobres e o limiar da pobreza. Dito doutras formas, e tal como UNICEF Comité Español expuña xa en 2012, cada vez hai máis nenos e nenas pobres e cada vez son máis pobres. A propia Cruz Vermella, neste mesmo ano 2014, sinalou un aumento en 3.419 menores novos (o 5,8% máis) que a entidade atendeu este ano, e que elevan até 61.792 a cifra total de nenos asistidos pola organización. A falta de ingresos nos fogares pola profundidade da crise xa está a provocar que moitas familias teñan que acabar recortando en necesidades básicas como a comida. O déficit alimentario afecta o desenvolvemento do menor, ademais de aumentar o risco de sufrir enfermidades respiratorias e cardiovasculares, así como de infeccións. A inseguridade do risco de pobreza ten xa de seu enormes consecuencias no presente e no potencial de desenvolvemento dos nenos, sementando un xerme de desigualdade que irá presentándose no futuro desenvolvemento cara á vida adulta. Os servizos de comedores escolares permitiron mitigar esta realidade durante o curso escolar, pero atopámonos ante un final de curso incerto no que esta necesidade pode quedar desatendida ao pechar o centro escolar, e por tanto o servizo de comedor. Moitos cativos de Galicia só teñen asegurada unha comida quente ó día se seguen a funcionar os comedores nas datas de verán. Posto que os seus proxenitores non lle poden garantir a dita comida por falta de recursos. Os representantes da Xunta ante este grave problema, en vez de atallalo,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

promovendo a apertura dos comedores durante o verán, só se lles ocorre dicir que enviar ós cativos a eses comedores pode estigmatizalos. Pero o que de verdade estigmatiza é a fame e non acudir a eses comedores. Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo: 1. Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha, de maneira inmediata, un Plan de Apoio á Alimentación Infantil". E que este plan conteña as medidas e recursos suficientes para garantir que as familias con menores ao seu cargo, que se atopen en situación de necesidade, teñan cubertas as súas necesidades de alimentación para evitar problemas de malnutrición infantil. Para elo habilitaranse todos os medios a disposición das administracións públicas, en colaboración coas entidades do terceiro sector. 2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia co fin de que este plan inclúa os mecanismos e actuacións necesarias para que, dende a finalización do curso no mes de xuño de 2014, estean dispoñibles servizos de comedor infantil nos centros escolares".

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que o Estado Español ten un preocupante problema de pobreza infantil. Dío Cáritas no seu informe, ratifícano outras ONGs e confírmao tamén un informe do propio Goberno, informes todos eles que desmenten ao ministro de Facenda, Cristóbal Montoro, que asegurou que os estudos do organismo da igrexa católica non se corresponden coa realidade, porque só se basean en medicións estatísticas. Pero dáse a circunstancia de que estas medicións estatísticas proceden das mesmas fontes que usan tanto o Goberno como Cáritas, xa que son datos dun organismo oficial como o INE, dependente do Ministerio de Economía, e do ente europeo Eurostat. Así que, cando Montoro desautoriza a Cáritas, desautoriza tamén ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, do que depende o Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social 2013-2016. O informe oficial deste plan, centrado na loita contra a pobreza infantil e a protección das persoas vulnerables e presentado en outubro sinala: a pobreza infantil afecta a algo máis de 2,2 millóns de menores no Estado Español, 300.000 máis que en 2008. Máis menores pobres que, ademais, sofren formas de pobreza máis severas que hai uns anos. As distancias coa UE acrecentáronse. En 2012, chegouse a unha taxa de risco de pobreza infantil do 29,9% no Estado Español, cifra superior en 1,7 puntos porcentuais á rexistrada en 2008. Na UE, o aumento da taxa de pobreza infantil entre 2008 e 2012 foi a metade que a do Estado. Estas cifras -publicadas en 2013 por Eurostat- son as mesmas que manexan Unicef, Save the Children e Cáritas Europa, que hai uns días informou de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

que España é o segundo país da UE co maior índice de pobreza infantil, superado só por Romanía. Pero realmente estamos tan mal ou a cousa non é para tanto, como veu dicir Montoro? Todo o que di Cáritas cadra coas conclusións doutros organismos públicos e privados que sosteñen que hai pobreza infantil en España e que é un dos principais problemas que afectan á infancia. Arredor de 2,5 millóns de nenos (o 29,9% do total) que viven baixo o limiar de pobreza relativa. E non é só que haxa máis nenos pobres no Estado Español, senón que cada vez son máis pobres, e ademais a pobreza infantil e indisociábel da pobreza familiar, polo que a resposta ao problema debe ser familiar e ter carácter integral. E cal é a decisión do executivo galego en relación coa recomendación da valedora do pobo, no sentido de demandar a apertura dos comedores escolares durante o verán: pois aducir que abrir os comedores escolares durante a época do verán para atender nenos e nenas que viven en familias con risco de exclusión social ou en situación de pobreza "*no es adecuado*", dado que podería "*generar excesiva visibilidad*" e ademais casos de "discriminación". Argumento que, por certo, non é a primeira vez que os populares poñen enriba da mesa noutras latitudes, chegando a escoitarse barbaridades por parte do presidente da Comunidade Rioxana, do tipo de que manter abertos os comedores durante xullo e agosto afectaría á imaxe da comunidade autónoma, como se a solución á pobreza fora agochala. O PP de Galicia, en coherencia coa súa forma de entender os servizos sociais, danlle a esta situación un carácter de beneficencia, presentando una emenda no Parlamento Galego para recomendar que, en lugar de nos comedores escolares, esta situación se trate a través dos servizos asistenciais e sociais, así como que se lles poidan subministrar ás familias os alimentos que necesiten en lugar de teren que enviar aos seus fillos e fillas a comer aos colexios. En ningún momento falan de medidas de carácter estrutural que vaian ao cerne do problema.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, sen entrar en alarmismos nin en demagogia fundamentada na desgraza dalgunhas familias, adianta que van votar a favor dos acordos propostos na moción, deixando de lado a exposición de motivos. Anuncia tamén que vai dar uns datos que lle pasaron e que son os seguintes. A Xunta de Galicia, nun contexto de fortes restricións orzamentarias, está a facer un gran esforzo por blindar o gasto social e aprobou os orzamentos máis sociais da historia da comunidade. De feito, 8 de cada 10 euros mobilizados en 2014 dedicáranse a servizos sociais, sanidade e educación. Nesta mesma liña, segundo os datos da OCDE a evolución do gasto social en España desde 1980 supera de forma considerable a media da maioría dos países membros deste organismo internacional. Así

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014

mesmo, desde a Xunta de Galicia estase a apoiar ás familias galegas con máis dificultades, co obxectivo de que ningunha persoa en risco de exclusión quede desatendida. Particularmente, este compromiso reflíctese nas partidas globais de inclusión, que este ano ascende a case 60 millóns de euros, isto supón máis dun 13% de incremento con respecto ao ano 2013. Dentro deste orzamento inclúense as partidas dedicadas á RISGA, cun orzamento inicial de case 40 millóns de euros (máis dun 21% con respecto ao ano 2013). Outro dos mecanismos para chegar aos colectivos máis necesitados son as axudas incluídas na orde de entidades de iniciativa social, dotada este ano con case 4 millóns de euros (un 14% máis que no ano 2013). Así mesmo, a Consellería de Traballo e Benestar tamén ten un convenio asinado co Banco de Alimentos, dotado con 50.000 euros. Por outra banda, co obxectivo de facer unha radiografía exacta da situación na nosa comunidade, a Xunta de Galicia está a ultimar un estudo sobre pobreza infantil. As súas conclusións, que se darán a coñecer en breve, incluíranse na nova estratexia de inclusión social 2014-2020. Así mesmo, o goberno ter previsto incrementar en 1.400 as prazas en comedores escolares que xestiona para o vindeiro curso 2014-2015 tanto de forma directa como indirecta. O departamento educativo da Xunta de Galicia terá incrementado o número de prazas en comedores escolares en case 11.000 respecto das que había no curso 2008-2009 (goberno bipartito), é dicir un 22,3% máis. Non curso que vai rematar destináronse case 30 millóns de euros aos comedores escolares, o que supuxo duplicar o orzamento de case 15 millóns que destinaba en 2007 o bipartito. Salienta así mesmo que dos usuarios dos comedores escolares, preto do 80% non paga. Actualmente, o goberno galego traballa sen pausa en coordinación cos servizos sociais municipais, co obxectivo de dar cumprimento eficiente ao recente acordo parlamentario, de xeito que ningún neno ou nena cuxa situación familiar poida supoñer risco para o seu sustento, quede sen comer durante o período de vacacións escolares estivais. Gustaríalle que a oposición lle dixera cómo solucionarían eles este problema no rural. O goberno galego, en coordinación cos concellos, garantirá que nenos e nenas con familias en situación de vulnerabilidade non queden sen alimentar. Estase a traballar na definición e estruturación do apoio e, previsiblemente, buscaranse solucións axeitadas a cada caso (non todos os casos son iguais) sempre considerando o interese do menor, o número de menores de cada concello que precisen esta asistencia e o entorno rural ou urbano dos menores. Por outra banda, quere lembrar que desde a Confederación Galega das ANPAS de centros públicos se sinalou que en calquera iniciativa que se implemente no tocante a este tema, cumpriría extremar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

a sensibilidade procurando non ferir susceptibilidades e mesmo apuntan á posibilidade de incluír a menores en circunstancias de vulnerabilidade en campamentos en vez de derivalos a comedores sociais (particularmente está de acordo con esta opinión). En liña semellante tamén se pronunciou a coordinadora de ONGs Rede Galega contra a pobreza. Quer deixar claro que a postura do goberno galego e tamén a do goberno provincial e se para cumprir o acordado no Parlamento de Galicia, se acredita e xustifica motivadamente a necesidade de aperturar os comedores escolares no período estival así se fará. O que non haber é ningunha dúbida de que nestes momentos o goberno galego traballa, de forma coordinada con todos os departamentos implicados, na obtención da mellor fórmula para poder dar cumprimento de maneira áxil ao acordo parlamentario da semana pasada, co fin de evitar que ningún neno ou nena careza de alimentación ou sustento necesario por estar as súas familias en situación de vulnerabilidade. Reitera que van apoiar a moción sen entrar nas valoracións da exposición de motivos, porque entenden que é un problema grave, pero non se debería alarmar nin magnificar, xa chega ben a dimensión que ten, por iso están de acordo coa proposta de acordo da moción.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que para o Partido Socialista o acordo adoptado polo Parlamento Galego o pasado 11 de xuño é insuficiente. O Grupo Socialista fala dun Plan urxente de apoio á alimentación infantil. Neste acordo fálase de asinar convenios cos concellos interesados para que ningún neno careza de alimentación cando se produzan situacións de vulnerabilidade e coa posibilidade de poder usar as instalacións de vulnerabilidade e coa posibilidade de poder usar as instalación dos centros educativos. A situación é moito máis preocupante do que parece e da solución que se lle intenta dar. O PP recoñece de mala gana que hai problemas puntuais de pobreza infantil. Esta é a realidade paralela do Partido Popular. A realidade dos feitos é que hai nenos e nenas que acoden ao colexio (durante o ano) sen almorzo, que teñen unha alimentación deficitaria nos seu fogares, que os recortes nas axudas de comedor deron paso ao tupper e ao bocadillo, que hai alumnado que busca alimentos nas papeleiras dos colexios, que hai pequenos e pequenas que sofren mareos porque non había nada na casa para cear ou almorzar. E detrás atópase o drama familiar de país e nais que pasan fame e que non teñen para darlles aos seus fillos (isto non é alarmismo, é a realidade, o 21,5 da poboación infantil está en risco de pobreza, son 84.000 menores, un 7% máis que hai 3 anos). Tanto o Goberno Central como as comunidades autónomas reduciron nos peores momentos da crise o investimento en infancia, o que significa que recortaron 775 euros

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014

por neno, volvendo a cifras de 2007. A cifra do 21,5 % sube ata case o 26 por cento cando, ademais de contabilizar os fogares que ingresan o 60 % menos que a mediana nacional, tamén se teñen en conta as carencias materiais severas e a falta de traballo no fogar. O que está claro é que na pobreza está o xerme dunha sociedade máis pobre e desigual no futuro. É preciso un pacto de Estado pola infancia, non pequenos parches de cara ao verán. E mentres isto ocorre o PP empéñase en negar a evidencia e tratar de evitar o que chaman excesiva visibilidade. E mentres tratan de evitar os efectos perversos da crise e os recortes realizados por gobernos do PP o profesorado e as organizacións non gobernamentais alertan dunha situación á que hai que pór solución. E mentres falan de que hai que evitar a discriminación e subministrar alimentos ás familias que o necesiten nos seus fogares para evitar a visibilidade, o PSdeG prefire chamarlle a esta situación polo seu nome. Prefire deixar claro que isto que chaman discriminación se chama repago e os afectados son os nenos e nenas que se quedaron sen dereito a transporte escolar e que nunha esquina dos colexios comen sobras do día anterior ou unha simple peza de froita. A estes nenos e nenas queren darlles alimentos ás agochadas (beneficencia) ou cargar sobre os concellos a organización de ludotecas e campamentos urbanos coma medidas puntuais. O PSdeG esixe actuacións máis contundentes como a posta en marcha dun Plan de Actuación inmediata contra o risco de pobreza e exclusión social centrado nos nenos. E por suposto que fai falta establecer unha liña de colaboración entre concellos, organización e administración autonómica, pero quen ten que poñer unha partida orzamentaria enriba da mesa é a Xunta de Núñez Feijóo. O grupo de goberno apoia esta moción porque sabe que non se vai facer, no Parlamento aprobouse unha medida puntual e non estrutural, como sería un Plan de apoio á alimentación da infancia. A Montoro non lle gustan os datos ofrecidos por Unicef e o PP en Galicia pídelles á Confederación de ANPAS os datos das familias con problemas. Supoñen que tratan con este talante pouco realista e totalmente insensible buscar culpables. Pero só hai un responsable. A responsabilidade é de quen reduce nun 14 por cento o gasto en protección da infancia e de quen modificou a normativa de comedores escolares ou de quen excluíu aos alumnos sen recursos da gratuidade nestes comedores ou de quen estigmatizou aos cativos e cativas cando diminuíu as axudas para comedores. Os datos das familias con problemas xa os ten a Xunta. Coñécennos todos: o 23 % das familias con 1 ou 2 fillos viven en situación de pobreza. Esta cifra chega case o 47 % en familias con 3 fillos ou máis; os menores convértense no colectivo máis empobrecido do país; hai case 1 millón de fogares con todos os adultos sen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

traballo; a pobreza infantil está no 27,5 %. España é o 2º país en Europa con máis pobreza infantil despois de Romanía. O ámbito educativo, fundamental para que unha sociedade teña futuro, está sendo o máis devastado polas políticas de recortes dos gobernos do PP. As evidencias están aí: menos profesores para máis nenos, diminución de bolsas, aumento da ratio de alumnos por profesor, peche de escolas no rural, etcétera. Á propia defensora do pobo preocúpalle a situación alimenticia dos escolares durante as vacacións. Fala de que garantir unha adecuada alimentación infantil debe ser unha prioridade para todos os poderes públicos. Xa alertou sobre a situación o ano pasado, pero parece que estamos agardando a que a situación chegue ao límite para adoptar medidas e o que se consegue é que a pobreza gañe terreo mentres seguen sen adoptarse políticas contundentes para atallala. A Plataforma pola Defensa da Escola Pública pediu que se envíen observadores internacionais para calibrar as necesidades que existen e que se destinen fondos de cohesión para solucionar a situación. Esta plataforma integrada por pais e nais, profesores e alumnado considera que a nutrición debe ser considerada coma un elemento fundamental no proceso educativo e que debe haber un marco normativo e orzamentario que cubra as esixencias, entre elas recuperar as bolsas de comedor, que as axudas cubran o 100 % do custo durante todo o curso e que se outorgue a tódalas familias que cumpran uns criterios realistas, non os que lle interesan ao Partido Popular.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que o Sr. Dobaño volveu ler un dogma de fe, en todo caso dixo cousas que non sabe se se equivocou ou se lle foron as cifras (30 millóns de euros en comedores escolares). Como tal dogma de fe acaba recoñecendo, por parte de quen lle mandou o argumentario, que o pouco que fixeron foi chorarillo a quen llo fixeron (como aquel que dicía: papá, o meu irmán mollou dúas veces no ovo; e o papá lle contestaba: déixao a ver se toupá). Pero, cando aquí de falou da banca non se lle chorou nada e había que insuflarlle millóns de euros porque senón estabamos perdidos. Fala de 1.400 prazas en comedores escolares para que as pague quen pode, e quen non come un anaco de pizza da noite anterior nunha esquina pasando frío, mentres outros poden comer de quente. O mundo feliz que relatou o Sr. Dobaño non é tan feliz. O Partido Popular desenténdese do SAF básico, cárgase a Lei de dependencia, pónenlle prezo abusivo aos comedores escolares (a ver qué neno gasta 4 euros en comer, cando no Parlamento español por 3 euros se come a corpo de rei). Esta é a panacea que debuxa o Partido Popular, pero hai que baixarse á realidade. Na Universidade pódense comer menús a elixir por moito menos. Isto é realmente un atraco a man armada ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

servizo público e é un desentendemento total do que é a infancia, do que é a escola e do que é o ensino, porque o ensino só fai caixa nas privadas e non nas públicas. Disto sabe ben o Partido Popular que leva máis anos gobernando (agás o trienio ominoso das sete pragas que xa non hai forma de solucionar). O BNG entende que a resposta ten que ser outra: paliar esas necesidades no fogar familiar, que a familia poida acceder ao almorzo, comida e cea sen necesidade de ter que derivar aos nenos a comedores escolares, e estando de acordo no fondo do asunto co expresado polo grupo do PSOE, no senso de que o obxectivo de asegurar que menores, de familias con dificultades económicas, non carezan dunha alimentación axeitada cando remate o curso escolar, entenden que é unha medida a todas luces insuficiente e que hai que ir máis aló, esixíndolle ao goberno que poña toda a carne no asador para abordar medidas que non sexan simplemente conxunturais, tendo en conta que o problema da pobreza infantil é estrutural, polo que debe atacarse desde todas as fronteas, desde modificacións lexislativas e asignando partidas orzamentarias que neste momento non existen.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Morenza que, como sempre, ten unha visión apocalíptica da realidade. En canto á cantidade destinada a comedores escolares, na súa intervención anterior dixo 30 millóns e ten que rectificar que foron 29,7 millóns os destinados. En canto a que os nenos pagan o comedor, lembra que tamén dixo que preto do 80% non paga nada e en canto ao prezo di que pode estar, en parte, de acordo co Sr. Rodríguez Puga. Dille ao Sr. Rodríguez Puga que os seus representantes no Parlamento non presentaron ningunha iniciativa para protestar por comer alí por 3 euros, pedindo que se subira o prezo a 12, por exemplo, e que se destinara a subida aos comedores escolares. En canto á crítica da Sra. Morenza aos campamentos do verán e outras fórmulas, dille que el citou á Confederación Galega de ANPAS de centros públicos e que en liña semellante se manifestara a coordinadora de ONGs Rede Galega contra a Pobreza. Hoxe mesmo, o Colexio de Traballadoras Sociais de Galicia define a proposta de abrir os comedores escolares no verán para nenos con problemas económicos como un parche, mala solución e unha medida que estigmatiza aos pobres e atenta contra a dignidade dos nenos, polo que se debe entender que hai máis xente que non opina como a Sra. Morenza.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, o Sr. Dobaño fala de filosofía de vida e o Grupo Socialista fala de fame, pobreza infantil e exclusión social. Non están en contra das ludotecas ou dos campamentos do verán con dereito a comedor, e están de acordo en que é

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

un parche, por iso presentan a moción para que se elabore un plan de alimentación. O Partido Popular leva meses, incluso pode dicir anos, falando do estudo sobre pobreza infantil, e mentres hai 84.000 menores en Galicia que están tendo problemas de alimentación. O Sr. Dobaño di que se gastan 8 de cada 10 euros cando o que se fai e recortar en sanidade, gastos sociais e educación. Pregúntase que contas son esas, porque ao seu grupo non lle saen as contas. Comer por 4,50 euros/día é unha barbaridade. O cambio da normativa no que respecta a comedores escolares fíxoo o Partido Popular, que estableceu o limiar dos 7.000 euros para a gratuidade do comedor, o resto pagan. Con isto o PP contribuíu a incrementar a pobreza infantil e agora venden solucións maravillosas e o único que fan e tomarlle o pelo á xente. O Grupo Socialista presenta unha moción (que apoian todos) para facer un plan de apoio á alimentación infantil. Para rematar pide que non falen de estigmatizar e que non se precisen máis recortes.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción presentada polo Grupo Socialista, e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha, de maneira inmediata, un Plan de Apoio á Alimentación Infantil". E que este plan conteña as medidas e recursos suficientes para garantir que as familias con menores ao seu cargo, que se atopen en situación de necesidade, teñan cubertas as súas necesidades de alimentación para evitar problemas de malnutrición infantil. Para elo habilitaranse todos os medios a disposición das administracións públicas, en colaboración coas entidades do terceiro sector.

2º.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia co fin de que este plan inclúa os mecanismos e actuacións necesarias para que, desde a finalización do curso no mes de xuño de 2014, estean dispoñibles servizos de comedor infantil nos centros escolares.

10º C.- MOCIÓN DA PRESIDENCIA DE DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO DO EXERCICIO DE COMPETENCIA PARA A FIXACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVIZOS DE ACTIVIDADES CULTURAI, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS E DE OCUPACIÓN DO TEMPO LIBRE PROMOVIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia do 26 de xuño de 2014.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Delegar na Xunta de Goberno da Deputación o exercicio da competencia para a fixación dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación do tempo libre promovidas pola Deputación Provincial de Ourense.

2º.- A presente delegación de competencias terá efectos a partir do día da data, sen prexuízo da súa publicación no BOP.

3º.- O presente acordo publicarase no BOP para xeral coñecemento.

10ºD.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DO EDIFICIO DA RÚA MONTERREI.-

O Sr. presidente cédelle a palabra o Sr. Rodríguez Puga, para que defenda o contido da moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dá lectura á moción, co seguinte contido: *O 24 de novembro de 2000, a Deputación daba conta dun acordo plenario de 29 de setembro do mesmo ano e adquiría, por un importe de 106 millóns de pesetas, un edificio sito na rúa Monterrei, n.º 6 de Ourense, co obxectivo de dedicalo á sede da escola de artes e oficios. Pasados 3 anos desde a súa adquisición, e sen efectuar en todo este tempo obra ningunha de rehabilitación no edificio, a Deputación decide mercar un local, propiedade da Fundación San Rosendo na esquina da Praza Maior con Doutor Marañón, polo importe de 625.400 euros (103 millóns de pesetas), adquisición realizada diante de notario o 23 de xaneiro de 2003, a pesar de que varios informes técnicos desaconsellaban o uso deste baixo como sede da Escola de Artes e Oficios. A operación non pode ser máis rocambolesca: tan só 2 anos despois de adquirir o primeiro edificio, a Deputación renuncia a rehabilitalo mercando un local para o mesmo fin e desembolsando a nada desprezable cifra de máis de 200 millóns das antigas pesetas. Pasado o tempo, sen rehabilitar o edificio, e logo das continuas denuncias dos veciños e veciñas, a Xunta de Goberno da Deputación de Ourense, que tivo lugar o día 10 de setembro de 2004, toma o acordo, publicado no BOP do luns 20 de setembro de 2004, de convocar a poxa para a contratación da demolición do edificio da rúa Monterrei. Coa publicación da poxa, por un importe de 79.240,77 euros, púñase de manifesto unha vez unha vez máis a nefasta política da Deputación, baseada en criterios de improvisación constante, pois resulta dificilmente xustificable, que se merque un edificio para dedicalo á sede da Escola*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

de Artes e Oficios, sen valorar o seu deficiente estado de conservación e acondicionamento, que iso obrigue a mercar un segundo local, contra o criterio dos técnicos, para que catro anos despois de mercar o primeiro, haxa que proceder ao seu derrubo. A situación de ruína técnica na que se atopa na actualidade o edificio da rúa Monterrei, e derivada da falta de iniciativa da Deputación de Ourense ao longo de todos estes anos, ao non ser quen de pór en marcha ningunha iniciativa para rehabilitar o edificio, cobra aínda maior relevancia, se cabe, debido á inacción dun organismo público como URBAOURENSE, sociedade á que a Deputación lle inxectou cantidades inxentes de diñeiro, que en todos os seus anos de existencia foi incapaz de buscar unha solución acaída para o inmóbel. Nos últimos tempos a situación de ruína do edificio vese agravada polas continuas protestas dos inquilinos dos edificios lindeiros que se queixan de que a matogueira medra de xeito descontrolado, ameazando as vivendas contiguas, xerando serios problemas de seguridade e salubridade pública, queixas que acabaron determinando que o concello de Ourense, o 17 de marzo de 2014, inscribira o edificio no rexistro de soares e terreos sen edificar polo que a Deputación conta, a partir desa data, con dous anos de prazo para rehabilitar de xeito forzoso ou construír no terreo edificable, a resultas de que pasado o prazo, sen facelo, calquera axente urbanizador poida facelo a través da adquisición previa en poxa pública. Para o grupo provincial do BNG este conxunto de desatinos pode acabar derivando en que a institución provincial perda ademais da titularidade do edificio, parte do investimento realizado no seu día, ao telo que vender por un prezo sensibelmente inferior ao que lle custou no seu día, polo que sometemos á consideración do pleno, a adopción do seguinte acordo: que por parte da Deputación de Ourense, e no marco da comisión de patrimonio, se aborde esta cuestión co propósito de que por parte dos diferentes grupos se poidan presentar ideas e iniciativas co fin de elaborar un proxecto construtivo para levar a cabo no terreo edificable.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que ás veces as mocións son tan concretas e sobre un tema tan concreto que pouco hai que engadir á súa exposición e cre que está perfectamente explicado. Comprar un edificio no ano 2000 por 106 millóns de pesetas e tres anos despois comprar outro por 103 millóns das antigas pesetas para destinalo ao mesmo uso para o que se comprara o anterior, cando menos non cheira ben, porque deu a casualidade de que se lle compra á Fundación San Rosendo. Non ten nada contra esta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

fundación, pero as vinculacións desta casa con esa fundación moitas veces son rechamantes. Alguén terá que explicar como se chegou a semellante chapuza, tamén terán que explicar cando se practique a liquidación de URBAOURENSE, que non había presa en vender o patrimonio, e se hai 16 millóns de euros de remanente de tesourería (como se apuntou no seu día) non sabe a que ven agora malvender un patrimonio. Ou hai algo raro que descoñecen ou non o entenden. Se este edificio estaba destinado a unha utilidade pública (no Plan Xeral do Concello de Ourense pendente de aprobar recóllese como de equipamento público) habería que preguntarse como estaba clasificado no anterior PXOM que botou abaixo a xustiza. Di que non se pode falar só cando interesa (referíndose ao vicepresidente no Concello de Ourense) e pedir que se rehabiliten cousas cando esta Deputación é propietaria dun edificio en situación ruínosa. Se el estivese na Praza Maior non lle ía dar clases. Ás veces extralimitámonos nalgún sitio e despois non damos exemplo no que estamos. Pensa que con este asunto había outras intencións pero a realidade foi outra e agora malvenderase o patrimonio (non sabe por qué, a non ser que haxa unha mentira encuberta e iso sirva para devolver os dez millóns de euros). Descoñecía esta situación, pero despois de analizala polo miúdo non entende nada. Cre que isto é unha chapuza manifesta como se ten feito nesta casa durante moito tempo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, anuncia que van apoiar a moción, porque lles parece construtiva para que se estude este asunto na comisión de Patrimonio e que os grupos acheguen o que estimen conveniente, polo que non se deben adiantar acontecementos. Non entende que quere dicir o Sr. Gómez Pérez con malvender e gustaríalle que llo explicase.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, congrátulase do apoio á moción e asegura que o BNG non vai adiantar nada, esperarán á comisión.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que eles tamén esperarán á comisión, a ver se hai algunha cousa que se lle escapa. Fala de malvender porque lle chama a atención que se compre un edificio para unha utilidade pública e logo se compre outro e o primeiro se deixe caer. Isto é malvender, mal xestionar ou calquera outro nome, sobre todo cando se están liquidando outro tipo de cuestións. Sente se non se explicou ben, pero esa era a intención. Esperará a que se lles dea máis información neste sentido.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que queda claro entón que o Sr. Gómez Pérez quixo dicir, desde o seu punto de vista, que era unha mala xestión, pero non unha mala venda porque non hai nada diso.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Que por parte da Deputación de Ourense, e no marco da comisión de patrimonio, se aborde esta cuestión co propósito de que por parte dos diferentes grupos se poidan presentar ideas e iniciativas co fin de elaborar un proxecto construtivo para levar a cabo no soar.

10ºE.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DO ANTEPROXECTO DE REFORMA FISCAL IMPULSADO POLO GOBERNO DO ESTADO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que expoña o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, dá lectura á moción, co seguinte contido: *o Ministerio de Facenda acaba de facer público, no marco da reforma fiscal, o anteproxecto de lei polo que se modifican a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a renda das persoas físicas, así como o Texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado por Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, e outras normas tributarias. Á marxe doutras consideracións, o BNG considera que pese a venderse como unha grande rebaixa para a gran maioría social, nomeadamente para todas e todos os asalariados, os máis beneficiados son as rendas altas e as grandes empresas, o que demostra o carácter regresivo da reforma. Estamos diante dunha reforma que perpetúa un sistema inxusto e pouco equitativo. Por outra banda, non se atallan as principais inxustizas do sistema fiscal español, non se contempla ningunha medida que avance na loita contra a fraude e evasión fiscal, non se avanza na regulación das SICAV (de moda), o IVE segue mantendo unha estrutura totalmente inxusta, onde produtos básicos como carnes e peixes non tributan no tipo máis reducido, nin se gravan dun xeito máis eficaz ás rendas altas e ás grandes empresas, polo que a reforma non avanza nun sistema tributario, xusto, equitativo e progresivo, que obteña a recadación de quen máis ten, nomeadamente das grandes rendas, dos grandes patrimonios e das grandes empresas. Trátase, en definitiva, dunha reforma que só ten un claro interese electoralista,*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014

pois, de aprobarse, (entraría en vigor no ano 2015), un ano onde eleccións municipais, autonómicas na maior parte das comunidades autónomas do Estado, e a finais de ano, de ser o caso, eleccións xerais. Este anteproxecto supón a enésima tomadura de pelo á cidadanía por parte do goberno do estado, xa que con esta reforma, despois de impulsar todo tipo de medidas en contra das maiorías sociais, subidas de impostos e recortes en servizos básicos, ao tempo que rescataba á banca, pretende dar un caramelo no último ano de mandato (algo que non é novo). Resulta lamentábel que o Goberno realice unha reforma fiscal coa única finalidade de obter réditos electorais nas próximas eleccións. Esta reforma suporá unha diminución dos ingresos públicos, estimada en aproximadamente 7.500 millóns de euros anuais, dos que 5.000 corresponderían ás rebaixas no IRPF. Así, o Estado obterá unha menor recadación nun contexto no que aínda non se cumpren os obxectivos de déficit comprometidos coa UE. Cabe recordar que nos próximos meses negociábase o novo sistema de financiamento autonómico, e posto que a través desta reforma non se incrementará a recadación fiscal, suporá que as comunidades autónomas terán que aceptar un marco cuns recursos á baixa para financiar os servizos públicos fundamentais que prestan, como a sanidade a educación ou os servizos sociais. Xa que logo, esta reforma prepara a antesala para incrementar os copagos nestes servizos, tal e como se ten insinuado en varios documentos gubernamentais. Cabe recordar como a comisión de expertos consideraba que deberían concederse maiores capacidades normativas ás comunidades autónomas para establecer sistemas de copago sobre os servizos públicos da súa competencia. A redución de tramos do IRPF implica unha perda de progresividade no imposto, posto que, canto máis tramos, máis se poden adaptar os diferentes tipos aos diferentes tramos de renda. Xa que logo, a redución de tramos implica unha maior linealidade no imposto. Mentres son as rendas altas as máis beneficiadas destas novas medidas, posto que ven como o tramo máis alto da súa renda se lle rebaxan nin máis nin menos que cinco puntos, as indemnizacións por despedimentos pasarán a tributar no IRPF. Aplicarase un mínimo exento (que se podería fixar nun entorno dos 2.000 euros por ano traballado, de forma que so se gravaría a parte que supere esa cifra). Polo tanto, empeorase o tratamento fiscal ao despido. Con respecto ás sociedades, igualase o tipo de gravame para todas as empresas, sexan grandes empresas ou sexan PEMES. É a enxeñería financeira aplicada a estas deducións o que fai que o tipo real efectivo das grandes empresas sexa tan baixo, de arredor do 12%, e de manterse as principais, pode supoñer unha fiscalidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

ridícula para as grandes empresas. Por todo o anterior, o grupo provincial do BNG solicita a adopción por parte do pleno da corporación do seguinte acordo: 1.- Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle: a) A retirada do Anteproxecto de lei de reforma fiscal. b) O impulso dunha reforma en profundidade que permita unha fiscalidade máis xusta, equitativa e progresiva. 2.- Dirixirse ao Goberno da Xunta a fin de solicitarlle que reclame un concerto económico para Galiza que permita xestionar nós os nosos impostos de tal xeito que estes contribúan ao progreso do noso país.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que a trampa desta reforma fiscal de baixar os impostos é case tran grave, ou algo parecido, ao tema de transparencia nesta casa. Non é experto en nada e en materia económica moito menos, pero como tamén lle vai no bolso, pediulle a un amigo (que se declara liberal e non é un *roxo perigoso*) que é un bo economista que lle explicase isto para ver se se informaba. En conclusión o que lle dixo, na linguaxe da rúa, é que o Partido Popular fai o de sempre. Preséntanse ás eleccións dicindo que ían baixar os impostos, pero tan pronto chegan os soben e agora os baixan, supostamente, aos mesmos niveis que cando colleron o goberno, polo que aquel malvado ZP que o PP poñía a caer dun burro, agora eles están en similares cotas de impostos. Pero hai unha trampa a maiores, hai uns tramos diferentes e hai uns tramos que benefician aos que gañan máis cartos. Esa é a realidade desta reforma fiscal, entre outras cousas. Non se lles está explicando ben aos extraballadores que por primeira vez no Estado español aquelas persoas que se despidan (bastante desgraza teñen con isto xa) e que reciban unha indemnización polos anos que estiveron traballando van ter que tributar. O PP non só non mellora as condicións do traballo senón que aínda por riba as persoas que poñan na rúa van ter que tributar pola indemnización que reciban. Sabe que lle van dicir que é a partir dunha cantidade, pero a realidade é esa. Despois, aos que gañen máis de 300.000 euros vánselles baixar dous ou tres puntos. O PP é experto en facer este tipo de cousas, pero é máis, a Sra. Cospedal era unha visionaria, porque cando falaba dos despedimentos en diferido non sabe se se refería a isto. Aqueles traballadores que leven moitos anos nunha empresa, cunhas condicións de vida dignas, con esta nova reforma laboral pódense poñer na rúa e aínda por riba van ter que pagar impostos polas indemnizacións que reciban. Ademais de todo isto, a reforma en si é unha trampa, porque non sabe que impostos se baixan. O IVE vai seguir no mesmo camiño, hai outros impostos que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

seguen sendo os mesmos, redúcense servizos (hoxe saíu unha noticia que no CHOU se reduce nun 30% a atención nas urxencias). Esa teoría de baixar impostos para despois aniquilar servizos públicos a el non lle serve, sobre todo como persoa de esquerdas. Queda moi bonito dicir que se baixan impostos, pero o que lle hai que dicir á xente é que o que teña un traballo digno cun salario digno que pague impostos, e que eses impostos sirvan para defender servizos públicos de mellor calidade. Esta é a realidade das cuestións, o demais son fogos de artificio. O que fixeron foi botar as contas das rendas medias e non sabe se a algún lle quedarán 5 euros máis no bolso, pero se lle quedan eses 5 euros e despois vai á farmacia, ou a algún servizo público e ten que pagar, o único que se fai é enganar á xente. O seu amigo xa lle dixo que esta reforma fiscal estaba feita para as clases altas, porque as clases baixas non se van ver beneficiadas desta reforma, xa que hai moitos millóns de persoas que non chegan a alcanzar eses tramos porque non cobran salarios dignos. Ademais, esta reforma aplicaríase en 2015, con visos a que entre en funcionamento en 2016 e está anunciando algo como aquilo de “España va bien” que a el, particularmente, naquela época xa o poñía enfermo, porque daquela traballaba na empresa privada e podía ver como cada día se lles recortaban máis os dereitos aos traballadores. O PP oferta moi ben a comunicación. Anuncia que votarán a favor da moción, porque a reforma lles parece un engano.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Gómez Pérez que está en total desacordo co da comunicación, porque cre que neste asunto é mellor o Partido Socialista. Di que hoxe vai facer de “discípulo” de Montoro, porque sabe que lle van dicir que lle mandaron un argumentario, pero ten que aclarar como é a reforma, xa que non é a que di a oposición. Antes quere dicir que lle fai graza que no propio texto da moción se di unha cousa e a contraria, porque se di que a reforma ten un claro interese electoralista e que os impostos van baixar, e despois din que non se vai cumprir o obxectivo do déficit público. Unha vez dito isto, vai ler o argumentario do Sr. Montoro (non é da súa colleita) que do Goberno do Estado, ao que se refire a moción. Comeza dicindo que a herdanza que deixou o Partido Socialista (en moitos momentos apoiado polo BNG) foi un déficit perigosamente descontrolado, que obrigou ao Partido Popular a unha suba de impostos para garantir a prestación dos servizos públicos fundamentais. A reforma tributaria, aprobada a partir de decembro de 2011, foi equitativa porque pagaron máis os que máis tiñan, os que mellor podían facer fronte á crise económica: Sobre os 27 millóns de contribuíntes totais que hai en España, o 0,25%, que son os que gañan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014

máis de 150.000 euros, achegaron o 20% da recadación do gravame complementario que se lle impuxo ao IRPF. O 12% do total de contribuíntes, que son os que teñen bases superiores a 30.000 euros, achegaron o 75% do total. As grandes empresas tamén pagaron máis impostos. Os pagos a conta do imposto de sociedades para grandes empresas e grupos consolidados pasaron de 7.600 millóns de euros en 2011 a case 15.000 en 2013, case o dobre. Mentres os pagos a conta do imposto das PEMES pasaron de 1.870 millóns de euros en 2011 a 1.485 millóns en 2013, un 20% menos (datos do Ministerio de Facenda). Agora é o momento adecuado para suscitar unha rebaixa de impostos. Non foi posible ao comezo da lexislatura porque o grave desequilibrio fiscal (recadación en mínimos históricos, España foi o país desenvolvido do mundo que maior recadación perdeu durante a crise) nun contexto de grave crise económica e de importantes demandas sociais, poñía en perigo a dispoñibilidade de fondos para sufragar o custo do estado de benestar (que tanto se defende pero que hai que financiar). A reforma fiscal non supón só unha rebaixa de impostos, é moito máis. É un instrumento que impulsará o desenvolvemento social e económico de España. Os cambios no sistema tributario van dinamizar o consumo ao poñer máis diñeiro en mans dos cidadáns. Isto, unido á mellora das expectativas económicas, froito das políticas desenvolvidas polo goberno nestes dous anos, animará ás empresas a realizar novos investimentos e a crear emprego. A reforma tributaria vaise implantar de xeito gradual (en 2015 e 2016) porque se debe dispoñer de financiamento suficiente para financiar os servizos públicos. Ademais, o control do déficit público segue sendo unha prioridade (por narices). Esta reforma fiscal é compatible co compromiso de reducir o déficit por dúas razóns: grazas ás medidas do goberno a recadación crece por enriba das previsións (un 5% no primeiro trimestre deste ano); todas as previsións apuntan a que o ano que vén España terá máis crecemento (un 1,8% segundo as estimacións do goberno). En canto ano novo IRPF, di que a subida tributaria que fixo ao inicio da lexislatura o goberno foi equitativa, para que pagasen máis os que máis tiñan, e menos as rendas máis baixas. Esta reforma tributaria ten a mesma filosofía: todos pagaremos menos impostos, as rendas medias menos aínda e as máis baixas non pagarán. Cando se complete a rebaixa do imposto en 2016, a tarifa mínima pasará do 24,75% ao 19%, cinco puntos menos que co goberno do PSOE. A tarifa máis alta irá do 52% ao 45%, a mesma que existía co goberno do PSOE. É un IRPF sinxelo, moderno e xusto. Máis de 1.600.000 contribuíntes deixan de tributar polo IRPF. Deles, 750.000 nin sequera terán que presentar solicitude de devolución, pois non se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

lles practica a retención. Deste xeito, os asalariados que gañen menos de 12.000 euros poderán dispoñer do seu salario íntegro a partir do ano que vén. A rebaixa é substancial. A rebaixa media do IRPF suporá un 12,5% de redución en 2016 respecto ao que se paga nestes momentos. Pero para os que teñan rendas inferiores a 24.000 euros, que son o 72% do total de declarantes, a rebaixa media final (2014-2016) será do 23,5%. Para os declarantes de rendas inferiores a 18.000 euros, que son o 58% do total, a rebaixa media final será do 31%. A rebaixa tributaria será máis beneficiosa para os que teñen máis cargas sociais. Introdúcense novos supostos de protección a familias numerosas ou con membros con discapacidade, cunha dedución de 1.200 euros ao anos que poden cobrar de forma anticipada (isto dío o anteproxecto de lei) e para as familias numerosas especiais, que son as que teñen 5 fillos ou máis, será de 2.400 euros. A política social do goberno, destinada a favorecer a quen necesitan dunha maior protección do Estado, diríxese tamén a dous colectivos moi concretos vítimas da crise: as familias que teñen que entregar as súas casas aos bancos para pagar a súa débeda hipotecaria e as persoas afectadas polas preferentes. No primeiro dos casos, a dación en pago da vivenda habitual quedará exenta no IRPF e do imposto municipal de plusvalía. Así mesmo, os rendementos de capital negativos de participacións preferentes poderán servir para compensar coas ganancias patrimoniais derivadas das accións que foron obxecto de troco. Isto aprobarase por vía de urxencia a través dun real decreto lei. Respecto da fiscalidade do aforro, a reforma introducirá mecanismos para fomentar o aforro a longo prazo e rebáixase de forma importante o tipo para ganancias de menor contía, pasando do 21% actual ao 19%. As indemnizacións por despedimento teñen tratamento atípico (pensa que isto habería que estudalo), ao ser un ingreso que non sempre tributa por IRPF. A comisión de expertos aconsellou que se regulase para todos os casos. O goberno as incluíra no imposto, pero introducindo 2.000 euros exentos por ano traballado. Deste xeito, os asalariados con rendas máis baixas non terán que pagar en caso de despedimento. Destaca tamén que a baixada de retención para os autónomos se adianta a xullo (un colectivo especialmente castigado). Esta medida suporá un alivio de ata 300 euros nos próximos seis meses para 550.00 profesionais. A rebaixa xeral para o conxunto de autónomos baixa do 21% ao 19% e farase efectiva en xaneiro de 2015.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que este é outro dogma de fe. Pensa que o Sr. Álvarez Dobaño ten un *papelón* ao ter que defender ao Sr. Montoro. Pensou que, sendo este o primeiro Pleno que preside o retrato do novo rei Felipe VI, ían estar de acordo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014

en máis do 50% das mocións, aínda que tamén pensaba que ía haber algún *pin* conmemorativo desta nova etapa democrática, pero erraron nas previsións. Na época de Zapatero (na que o BNG apoiou nalgunhas cousas ao Partido Socialista) foi unha das etapas con maior investimento neste país, pero o presente é outro. A xente non é parva. Está farta de subidas, e o goberno ven agora con esta baixada de impostos de cara á seguinte entrega de sobre. Non sabe que idea ten o PP da xente deste país. O problema non está no déficit público, senón no déficit das familias deste país, que é moi elevado. O Sr. Álvarez Dobaño deu datos do Sr. Montoro; el vaise centrar na moción e vai dar datos do propio anteproxecto de lei. En canto ao IRPF, di que, actualmente, a lexislación establece sete tramos con gravames que van do 24,75% para rendas inferiores a 17.700 euros ata o 52% para contribuíntes que gañan máis de 300.000 euros. Nesta proposta redúcese o número de tramos ata cinco, e redúcense os tipos impositivos, sendo o tramo máis alto o que experimentará maior redución, cunha rebaixa de 5 puntos, xa que pasará do 52% ao 47% (bonifícase ao máis ten). A redución de tramos implica unha perda de progresividade no IRPF, posto que, cando máis tramos, máis se poden adaptar os diferentes tipos aos diferentes tramos de renda. Xa que logo, a redución de tramos implica unha maior linealidade no imposto (maior inxustiza). Son as rendas altas as máis beneficiadas destas novas medidas. Outra medida regresiva que se adopta no IRPF é baixar a tributación do aforro. Cabe recordar que a tributación do aforro ten un réxime máis favorábel que a tributación das rendas do traballo, e nesta reforma, acentúase máis esta diferenza, ao rebaixar os tipos para as rendas do aforro. Ademais, na actualidade existen tres tramos, e de reducirase a un so tramo, tamén suporía unha perda de progresividade. Outras reformas no IRPF son que os traballadores que ganan menos de 12.000 euros ao ano estarán exentos de retencións (actualmente o límite está nos 11.162 euros) e mellorarán as deducións aplicables por circunstancias persoais como o coidado de fillos, ascendentes e persoas con discapacidade que convivan co contribuínte. No caso dos autónomos, rebaixase en dous puntos as retencións profesionais. Establécese un tipo especial, no entorno do 15 %, para os autónomos con menos renda. As indemnizacións por despedimentos pasarán a tributar no IRPF. Aplicarase un mínimo exento (que se podería fixar nun entorno dos 2.000 euros por ano traballado, de forma que so se gravaría a parte que supere esa cifra). Polo tanto, empeorase o tratamento fiscal ao despido. Desde a reforma laboral de 2012, están exentas as indemnizacións dos despedimentos obxectivos que non superen a contía legal mínima (20 días por ano) e tamén nos casos nos que se chegue á conciliación e se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

demostre a improcedencia do despido. En canto ao imposto de sociedades di que o tipo para as grandes empresas pasa do 30% ao 25%. O tipo para as PEMES permanece no 25%, polo que se iguala o tipo de gravame para todas as empresas. Anúnciase tamén que se eliminarán parte das deducións, máis outras como a dedución por reinvestimento de beneficios, por I+D+i e por gastos financeiros mantéñense. É a enxeñería financeira aplicada a estas deducións o que fai que o tipo real efectivo das grandes empresas sexa tan baixo, de arredor do 12% (as grandes empresas, as PEMES e os autónomos seguen cotizando polo que hai que pagar). Tería que falar da antesala dos copagamentos, pero isto verase de aquí a uns anos e seguirán a debatelo aquí e noutros organismos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que de Montoro el non tiraríalo, porque ten menos credibilidade que algún que vai ao *Sálvame de Lux*. Di isto porque hai dous ou tres meses, o Grupo Popular utilizaba un recurso para rebater pedimentos que facía o Grupo Socialista en diversas cuestións relacionadas cos servizos sociais e outros, contestando sempre: *é que nos deixaron tan mal que tivemos que facerlle fronte a isto subindo os impostos*. En contraposición agora queren que se traguen a milonga de que van baixar os impostos nun país onde os nenos morren de fame (no sentido de que non poden comer quente) desaparece a dependencia (nalgunha comunidade a presidenta quitou o servizo de oncoloxía). O Partido Popular ten que explicarlles isto ás persoas que lles subiron o IVE en cuestións de primeira necesidade. A enxeñería do Sr. Montoro non a cre a xente da rúa, porque están vendendo algo que non ten nada que ver coa realidade. As grandes empresas son as que lle van dar palmadiñas a Rajoy, non por beneficiar ao conxunto dos *españolitos* de a pé, senón porque reciben máis beneficios que hai anos e en plena crise. É certo que pagan máis impostos, pero é porque gañan moito máis, pero a costa de despedir xente e non contratar a ninguén (pódese ver no cadro de persoal das eléctricas). Esta reforma é electoralista e quen a vai recoller é o próximo goberno que exista. Falando do déficit, di que non é compatible co que dicían hai uns días e pregúntase cómo se vai afrontar e quen o vai pagar, porque desaparecen 7.500 millóns de euros. Supón que a trampa estará nalgún lado e xa se verá, seguramente, con outro tipo de subidas (luz, lixo ...). Reitera que esta reforma é un engano e non responde á realidade da situación. O Grupo Socialista vai votar a favor da moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que o único que quita en conclusión é que o que lles preocupa aos grupos da oposición é o déficit público e que lles

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

molesta moito que o goberno baixe os impostos. Cada un ten unha forma de ver a política económica e os que gobernan, porque así o quixeron os cidadáns, así o entenden. Reitera que cando se complete a rebaixa do imposto en 2016, a tarifa mínima pasará do 24,75% ao 19%, cinco puntos menos que co goberno do Partido Socialista. A tarifa máis alta irá do 52% ao 45%, a mesma que existía co goberno do PSOE (que apoiou o BNG). Para finalizar, por uns exemplos de IRPF: unha familia con dous fillos que ten un rendemento do traballo de 25.000 euros, terá unha rebaixa de case o 14% tras serlle aplicado o novo tipo impositivo e os novos mínimos exentos; un contribuínte solteiro, sen fillos, cun rendemento de traballo de 12.000 euros (mleurista) deixará de tributar, polo tanto a rebaixa é do 100%; unha familia con dous fillos, un menor de 3 anos, un proxenitor non traballa, declaración conxunta, cun rendemento de traballo de 22.000 euros, terá unha rebaixa de máis dun 48%; un contribuínte casado cun fillo con discapacidade, que presente a declaración individual cun rendemento de traballo de 17.000 euros, terá unha rebaixa dun 63% (se enganán a alguén xa o pagarán). En definitiva, a reforma fiscal baixa os impostos a todos, con tres obxectivos: impulsar o emprego, reducindo a fiscalidade ás rendas do traballo; dinamizar o crecemento fomentando o investimento e o aforro; establecer un sistema tributario máis equitativo (que este é sempre o obxectivo final).

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que cando a alegación de defensa está moi traballada non sabe como estará o proceso sobre o inculpado. Os datos que deu o Sr. Álvarez Dobaño están moi ben feitos para defender unha reforma fiscal, pero cando se aplique realmente esta reforma xa se verá se a cidadanía interpreta o que dixo o Sr. Dobaño ou é todo o contrario.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) a moción queda rexeitada.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia que ten dúas preguntas e un rogo. En canto ás preguntas di que a Plataforma pro Campus Digno de Ourense ven de entregar máis de 11.000 sinaturas (na entrega delas non había ningún representante do PPOU, que tan entusiasta se sumou ás reclamacións) e anuncia mobilizacións, tendo en conta que a Xunta non acaba de posicionarse; dado que aquí se aprobou unha iniciativa a favor do mantemento da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

titulación de Enxeñería Física, pregunta se, no caso de que a cidadanía de Ourense volva saír á rúa, o Sr. presidente estará na pancarta reivindicativa. A segunda pregunta está relacionada co campamento Ourensanía das Conchas (Muíños) e despois de oír como o Partido Popular poñía os berros no ceo polo carácter aleccionador que ían ter as Galescolas (ata falaban de Ikastolas), agora aparecen cun campamento de zumega ourensanía polos catro costados (supón que se chamarán Baltarescolas) e pregunta qué cantidade achega a Deputación para esa Baltarescola; se está previsto algún tipo de exención para aqueles nenos e nenas ourensás que non poidan reforzar a súa ourensanía por falta de diñeiro debido á crise; qué número de prazas hai para asistir a esa escola de ourensanía; e qué criterios de selección se seguiron ou se van seguir. En canto ao rogo di que na páxina web *Spain.info*, dependente do Instituto de Turismo de España omite, entre os seus contidos e en relación coa provincia de Ourense, unha importante cantidade de referencias, tanto a nivel monumental e arquitectónico, como etnográfico ou medioambiental. Esta *website* é a máis visitada do mundo por *internautas* que buscan información a través da rede co obxectivo de atopar lugares que visitar, polo que resulta de vital importancia que os datos da nosa provincia sexan o máis completos posibles, do contrario estaríamos desperdiciando unha oportunidade única de promocionar as moitas potencialidades que ten Ourense que poden resultar moi atractivas para os turistas. A xuízo do BNG o que non resulta de recibo é que unha vez máis a provincia de Ourense sexa ignorada por institucións dependentes do Estado, non sendo de estrañar o pouco que a administración estatal inviste na conservación do patrimonio na nosa provincia a pesar de ser un dos máis abundantes, cando nin tan sequera están dispostos a promocionalo. Desde o BNG entenden que debe ser o INORDE (xa que existe) o organismo encargado de velar polos intereses turísticos do conxunto da provincia e o que canalice todas as suxestións para incluír na páxina web *Spain.info* no canto de que sexan varias as administracións e organismos quen o fagan, evitando así unha imaxe de descoordinación que en nada favorecería os intereses da provincia. Por isto formulan o seguinte rogo: que se realice un estudo sobre as omisións/erros relacionadas co noso patrimonio que contén a páxina web *Spain.info* dependente do Instituto de Turismo de España ao tempo que seleccionen aqueles monumentos, espazos naturais e elementos do noso patrimonio etnográfico que necesariamente deben incluírse na dita páxina web.

O **Sr. presidente**, con relación ao rogo, di que así se fará e que se dirixirán á entidade que xestiona ese espazo para que teña en conta a nosa singularidade e os nosos valores patrimoniais turísticos. Con respecto ás preguntas, en relación coa primeira, di que lle permitan que sexan os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

integrantes da Plataforma, no momento que llo digan, os primeiros que saiban a asistencia ou non da Presidencia da Deputación a esa eventual manifestación, igual que cando se reuniu con eles e se redactou o acordo conxunto que se aprobou por unanimidade do pasado Pleno. Con relación ao campamento da ourensanía dille que lle fará chegar no prazo máis breve posible un informe completo sobre todas as cuestións que formulou.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, roga que canto antes se lles pase un mapa de cómo queda a distribución dos concellos da candidatura da Ribeira Sacra, e cómo queda establecida, máis que nada porque de repente igual se fai un corte como se fai ás veces en certas administracións que non se corresponden logo coa realidade. Pregunta por qué non foron convidados á inauguración da estación que tivo lugar estes días dun dos proxectos de estacións. Gustaríalle saber qué se pensa facer con Club Deportivo Ourense e coas accións que ten a Deputación Provincial, porque ao mellor alguén lles ten que aclarar aos membros da directiva do club que os grupos da oposición nunca estiveron en contra da subvención nominativa, senón que están en contra do funcionamento, e pensa que este tema debería ser abordado con seriedade e buscar outras solucións. Rógalle á Presidencia, como presidente da Deputación, que esta institución non saia nos medios porque se van ver cousas que non lle gustan a ninguén. Di isto en relación co xuízo que terá lugar o próximo luns contra o anterior presidente, e pídlle que, como presidente do Partido Popular e presidente desta Institución, interveña para que non se produzan as procesións que se produciron na anterior comparecencia, porque danan a imaxe da provincia, para non dar o espectáculo que se deu daquela.

O Sr. presidente di que non se vai facer ningún tipo de instrución, nin se fixo no pasado, para a celebración de ningún xuízo, pero o presidente da Deputación Provincial non pode entrar nas decisións persoais de cada individuo de facer unha cousa ou facer outra. En canto á candidatura da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade, dille que se veñen mantendo reunións periódicas da comisión de seguimento e mesmo algunha xuntanza na Xunta de Galicia na que estaban presentes tanto el como o presidente da Deputación de Lugo, e que en canto se dispoña do mapa definitivo se lle fará chegar. En canto á inauguración da estación do museo do automóbil en Santa Cruz de Arrabaldo, manifesta que lle sorprende que se diga que non existiu convite e preocuparase por informarse disto, porque en todos os actos da Deputación o comportamento en canto a convites é sempre é o mesmo, incluso o luns terá lugar a presentación do cuarto estudo do Observatorio Económico Ourenán, ás 11.00 da mañá no Centro Cultural

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de xuño de 2014
--

Marcos Valcárcel e imaxina que estarán todos convidados. Con relación ao Club Deportivo Ourense di que, segundo a súa información, esta Deputación non ten titularidade de ningunha acción da Sociedade Anónima Deportiva Club Deportivo Ourense e o único que se fixo nestes último anos é concederlle a subvención nominativa correspondente. Neste momento hai unha especie de plataforma cidadá para salvar ao club e facilitaráselle toda a información posible para que se manteña a súa actividade, pero sen extralimitarse e deixando constancia de que esta Deputación non é accionista desa sociedade anónima.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, pide que se lles pasen aos grupos as actas da comisión de seguimento da declaración da Ribeira Sacra. Formula un rogo sobre outro rogo en relación coas fotos que pediron plenos atrás da famosa cámara.

O **Sr. presidente** responde que se atenderán os rogos, se é que non se atendeu algún deles.

E, ás 13.55 horas do citado día vinte e sete de xuño de dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,